No que respecta ao espazo intervido no cemiterio de San Salvador de Trasanquelos realizáronse dúas sondaxes, unha ao E, detrás da igrexa (sondaxe 100) cunhas dimensións de 3x3 m e outra no lateral N do templo (sondaxe 200) cunhas dimensións de 1m de ancho no extremo W, 70 cm no extremo E e 3.80 m de longo.

Estes traballos realizados afondaron no coñecemento do cemiterio de Trasanquelos, un lugar que presenta un gran nivel de revolto debido á constante actividade de reinhumación, tan característica dos cemiterios rurais galegos. Así, por un lado vemos como no sector 100 aparecen dende a retirada da capa vexetal gran cantidade de restos inconexos, abundancia que aumenta segundo afondamos nas UUEE 103 e 104, resultando no achado de 10 cranios na cata realizada no flanco W e de 3 fosas na mesma cata.

Por outra banda, no sector 200, foron localizados 4 individuos, enterramentos que polas súas características son posteriores aos anos 30. Polo tanto, estes, posiblemente desprazaron os restos óseos anteriores, restos achados por toda a sondaxe (UUEE 202 e 203), dos que destacamos o grupo denominado restos 02, os cales contiñan unha serie de ósos longos e dous cranios, que tras ser observados polo antropólogo forense en campo poden ser susceptibles de pertencer a Rafael Fernández e Juan Torreiro, xa que presentaban, polo menos un, signos de violencia.

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos



Localización das áreas intervidas no cemiterio de San Salvador de Trasanquelos

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

6. Localización do ámbito de traballo e antecedentes

A intervención arqueolóxica que se recolle no presente informe-memoria técnica está situada no concello coruñés de Narón, concretamente no cemiterio de Santa María a Maior do Val e pretendeu ser a ampliación da intervención arqueolóxica realizada no ano 2023-2024.[2]



Localización do cemiterio de Santa María a Maior do Val

As coordenadas UTM (ETRS89) da zona de actuación son as seguintes:

- UTMX: 563647
- UTMY: 4822759

[2] *Proxecto de intervención arqueolóxica para a identificación e exhumación dunha fosa común con vítimas da represión franquista no cemiterio de Santa María a Maior do Val, Narón (A Coruña)*. CT 102A 2023/797-0. Os traballos de prospección xeofísica mediante xeorradar realizáronse realizáronse en outubro de 2023 e as sondaxes arqueolóxicas en marzo de 2024

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

A información histórica indicaba que a foxa se atoparía ao pé da tapia ou muro W do antigo cemiterio de O Val. Sen embargo, dito espazo atópase actualmente ocupado por un bloque de nichos, acaroado a dito muro.


Ante a posibilidade de que a foxa ou foxas, se atopasen total ou parcialmente alén da superficie ocupada polos nichos na campaña do ano 2023 propúxose un traballo en dúas fases. Na primeira, realizouse un estudo do interior do cemiterio vello mediante prospección xeofísca. En base aos datos da prospección xeofísica realizouse a proposta dos puntos de verificación mediante sondaxes arqueolóxicas.



Prospección xeofísica do cemiterio do Val. 2023

Aínda que no proxecto arqueolóxico estaba contemplada a realización de 4 sondaxes arqueolóxicas realizáronse un total de 6 e procedeuse á apertura dun corpo de nichos no que segundo fontes orais poderían atoparse os restos óseos dos represaliados. Trala apertura do nicho corroborouse a existencia de restos óseos pero despois da análise do antropólogo forense desbotouse a posibilidade de que se tratase dos individuos a localizar.

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos



Localización das sondaxes realizadas durante a campaña do ano 2023

As sondaxes arqueolóxicas realizadas mostraron, desde o inicio, que o cemiterio de O Val foi un espazo de inhumación constante resultando un espazo altamente removido e alterado. Constátase un nivel de revolto con restos óseos inconexos xunto con material de refugallo (ladrillo, tellas, plásticos etc...) presente en todas as sondaxes realizadas(UE02) seguido doutro nivel que foi interpretado como o nivel de uso do antigo cemiterio (UE03).

As denominadas sondaxes 2 e 3 deron resultados negativos. En ambas sondaxes documéntase o actual nivel de uso da zona axardinada do cemiterio (UE 01) seguido dun depósito de sedimento marrón destinado á nivelación do cemiterio (UE 02) no que se localizan restos óseos descontextualizados e material construtivo (tellas, ladrillo, plásticos...) seguido do nivel de uso do antigo cemiterio (UE03).

A sondaxe 4 tamén se considera negativa en canto aos obxectivos concretos do presente proxecto, ao documentar inhumacións ordinarias en terra no cemiterio vello de O Val. Neste caso non se levou a cabo nin escavación nin exhumación de ningún resto ou depósito.

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

A sondaxe 5, que a nivel estratigráfico é semellante ás S2 e S3 permitiu recuperar unha vaina de Mauser. Este obxecto foi recuperado a 9 metros de distancia ao E dos actuais nichos que se acaroan ao muro W de peche do cemiterio e que fai pensar en que en algún momento se puideron levar a cabo axustizamentos dentro do camposanto.



Vaina de latón de calibre 7 x 57 Mauser. Sigla: FCOV2023. 502/01

A sondaxe 1 é a que presentou os únicos resultados positivos. Situada na zona W do cemiterio entre a construción de nichos que se estende acaroada ao muro de peche do cemiterio e a construción de nichos n148. Tal e como queda reflexado no informe histórico a creación destes panteóns dataría aproximadamente, segundo a fonte oral, entre os cincuenta e os anos sesenta do século XX. Un testemuño oral vincula, precisamente, a construción destes nichos co desmantelamento da fosa/s. tras o inicio das obras, interviríase a foxa para retirar os restos e poder edificar os cimentos da construción nese mesmo lugar.

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos



Ortofoto da sondaxe 1

Ortofoto e perfiles sondaxe 1. Intervención 2023-2024

A secuencia estratigráfica da sondaxe 1 documenta varias fases pertencentes a niveis contemporáneos vinculados aos usos do cemiterio. De tal maneira, o nivel máis antigo (UE103) corresponderíase co antigo nivel de uso do cemiterio localizado a -30-40cm do actual nivel axardinado do cemiterio (UE101). Este nivel de uso (UE103) atópase cortado na zona SE por unha interfacies vinculada a un enterramento (UE104- foxa nº1), que á súa vez se atopa afectado por unha interfacies vinculada a outra foxa. (UE106-foxa nº2). Ambos depósitos presentan unha gran cantidade de ósos fragmentados en posición secundaria e á súa vez se atopan afectados pola instalación dos corpos de nichos (UE108) que se estenden ao longo da zona W do cemiterio, acaroados ao muro de peche do cemiterio (UE109).

Os restos óseos recuperados da UE102, 104 e 106 foron obxecto dunha primeira análise en campo por parte do antropólogo forense e trasladados ao laboratorio para unha análise máis detallada a fin de descartar ou confirmar a posibilidade de que algún dos restos puidera presentar evidencia de pertencer aos represaliados. Trala análise en laboratorio por parte do

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos


antropólogo forense confirmouse que os restos recuperados da UE 102 e 106 presentaban signos de violencia, podendo pertencer aos restos dos represaliados.

A intervención arqueolóxica evidenciou a existencia de canto menos dúas foxas debaixo dos nichos do cemiterio na que apareceron restos óseos nun estado de conservación moi delicado. Estes restos non se encontran nunha posición orixinal, senón que foron desprazados e afectados directamente pola construción do bloque de nichos, resultando un espazo altamente removido e alterado.

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

7. Formulación da intervención e obxectivos

Coa intervención obxecto da presente memoria pretendeuse ampliar a zona intervida durante a intervención anterior a fin de recuperar os restos de polo menos 52 vítimas (segundo os datos que manexan o equipo de investigación HISTAGRA) da represión franquista. A tal fin propúxose a escavación da área perimetral aos nichos sitos ao W do cemiterio onde na campaña anterior se recuperaron evidencias de canto menos dúas foxas con restos que presentaban signos de violencia.



En vermello área proposta intervención. En negro sondaxes realizadas na intervención anterior. Procedencia: proxecto arqueolóxico

En concreto a metodoloxía e obxectivos foron os seguintes:

- Escavación e identificación da foxa ou foxas.
- Individualización de restos e exhumación.
- Documentación e análise de campo de cada corpo identificado.

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

- Exhumación e extracción individual de cada corpo identificado como asasinado.
- Rexistro das marcas de violencia de cada un dos asasinados identificados.
- Análise individualizada no laboratorio para obter datos primarios non observados en campo.
- Relacionar os datos aportados polas fonte bibliográficas e documentais e as testemuñas orais cos datos obtidos durante o proceso de escavación.
- Adoptar as medidas de conservación e protección necesarias, na preservación dos restos óseos para proceder a analíticas de ADN.

O espazo obxecto da intervención arqueolóxica é unha foxa na que se atopan depositados os restos de 52 vítimas da violencia que acompañou ao golpe de Estado de xullo de 1936. As foxas forman parte do itinerario que seguían aquelas persoas obxecto desa violencia, sendo o estadio e o espazo final polo que pasaban tras decidirse o seu destino: o asasinato. A efectos de catalogación, son un espazo de enterramento. Os espazos regulares de enterramento están relacionados co tipo de inhumación, co enterramento regular do cadáver nun cemiterio, nunha tumba ou nun nicho identificable; cando a inhumación da vítima non se realiza seguindo ese procedemento, atopámonos ante enterramentos levados a cabo de forma irregular, dos que son paradigmáticos os enterramentos en foxas.

Dentro das foxas aínda existe unha distinción máis a ter en conta a efectos da súa catalogación. Á hora de identificalas e estudalas podemos atoparnos con foxas en campo aberto, é dicir, con foxas comúns que non están relacionadas cun cemiterio, se non que se identifican como tal debido ao abandono de corpos tras o asasinato, producíndose o enterramento nun lugar determinado no que permanecen soterrados sen ser trasladados. Por

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

outra banda, atopamos as foxas comúns de cemiterio, isto é, aqueles espazos existentes dentro dun cemiterio, empregados para outro tipo de inhumacións, e que serviron ao mesmo tempo para o traslado e enterro dos corpos dalgúns asasinados. Son, polo tanto, espazos que xa eran empregados con anterioridade e que foron empregados con posterioridade, pero que tamén serviron como lugar de enterramento para as vítimas.

A foxa do cemiterio de Santa María Maior do Val pertence a esta segunda tipoloxía. Debido a isto, o estudo histórico previo á intervención sobre a mesma cobra unha gran importancia, pois ten como obxectivo analizar todos os datos dispoñibles para, na medida do posible, recoñecer o espazo concreto que se empregou para enterrar ás vítimas da violencia. Con isto preténdese facilitar a labor arqueolóxica e economizar os esforzos para que sexa o máis eficiente posible. Delimitar o espazo físico sobre o que se actuará é unha decisión, ademais, interdisciplinar e consensuada entre os historiadores encargados do estudo, os arqueólogos que a levarán a cabo e o responsable antropólogo forense. Entre todos veñen de concretar ese espazo tras realizarse o estudo previo.

O estudo histórico – realizado polos investigadores e investigadoras do Grupo Histagra - comezou co coñecemento das vítimas enterradas na foxa. O coñecemento da identidade das vítimas é o que permite o seguinte paso da investigación: a documentación de todos os datos posibles relacionados con elas para conseguir identificalas e situalas da forma máis precisa posible. Neste sentido, Galicia ten unha posición privilexiada dentro do conxunto do Estado, pois grazas ao Proxecto Nomes e Voces (2006-2012) contamos cunha base de datos (vitimas.nomesevoces.net) na que se atopan catalogadas todas as vítimas da violencia que sucedeu ao golpe de Estado, con numerosos items asociados que referencian as diferentes fontes ás que recorrer para a documentación de cada unha desas vítimas. É grazas á base de datos de

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

Nomes e Voces que se puido facer unha primeira achega á documentación asociada a cada asasinado -por exemplo, os rexistros de defuncións-, o que tamén permitiu coñecer que cantidade de información temos dispoñible en cada caso.

No caso que nos ocupa, os investigadores relatan que:

Localización: *cemiterio de Santa María a Maior do Val, no concello de Narón. As únicas referencias ata o momento sobre a localización da foxa veñen da fonte oral subministrada pola Asociación Memoria Histórica Democrática. Segundo esta información a foxa estaría localizada na parte posterior do cemiterio antigo, xusto debaixo dunha construción de nichos.*

Vítimas: *52*

Partindo da base de datos de vítimas de Nomes e Voces, filtramos por "lugar de enterramento: O Val" e como resultado deron 46 persoas. Todas elas, salvo unha, foron executadas en 7 datas diferentes, sendo o grupo máis numeroso o do día 26 de decembro de 1936, no que 31 persoas foron asasinadas no propio cemiterio, tras ser trasladadas dende o arsenal de Ferrol. Isto significa que ditas persoas aparecen identificadas como falecidas no rexistro de defunción de Narón.

A maiores, a base de datos manexada recolle outras seis persoas, das que non temos rexistro de defunción, a fonte á que nos remite é o traballo de Xosé Manuel Suárez (2002). Tres deles foron "paseados" no cemiterio do Val, mentres que os outros tres formarían parte dese grupo tan numeroso que foi executado, o 26 de decembro de 1936, a consecuencia dunha sentencia a pena de morte.

Outra información relevante:

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

A fonte oral sinala que foron asasinados contra a parede lateral da igrexa e posteriormente foron enterrados na parte posterior do cemiterio.

Nome	Apelidos	Data morte	Lugar morte	Vecinho concello	Sucesos	Nº Causa	RD: Lugar enterramento	RD: Causa morte	RD: Data morte	RD: Data inscricion	RD: Xulgado
Óscar Fernando	Boza Bancos	1936-12-26	O Val	Ferrol	Execución		O Val-Narón	Feridas producidas por disparos de arma de fogo ao ser fusilado	1936-12-26	1936-12-31	Narón
Joaquín	Bouzamaior Gato	1936-08-26	Cemiterio do Val	Narón	Paseo		O Val-Narón	Pasado polas armas	1936-08-26	1936-12-19	Narón
Juan	Fabregat Berto	1936-11-30	O Val	Descoñecido	Execución		O Val-Narón	Pasado polas armas	1936-11-30	1936-12-05	Narón
José	Miguel Solar	1936-11-30	O Val	Descoñecido	Execución		O Val-Narón	Pasado polas armas	1936-11-30	1936-12-05	Narón
Jesús	Martínez y Fernández	1938-01-27	Narón	Descoñecido	Execución	1083-36	O Val-Narón	Pasado polas armas e condenado a pena de morte...	0000-00-00	1938-01-31	Narón
Juan	Fernández Díaz	1936-12-26	O Val	Fene	Execución	58-36	O Val-Narón	Feridas producidas por arma de fogo ao ser fusilado	1936-12-26	1936-12-31	Narón
José Vicente	Fernández Suárez	1936-12-26	O Val	Ferrol	Execución	58-36	O Val-Narón	Feridas producidas por disparos ao ser fusilado	1936-12-26	1936-12-31	Narón
José	López Lago	1936-12-26	O Val	Ferrol	Execución	58-36, 2961-39	O Val-Narón	Feridas producidas por arma de fogo ao ser fusilado	1936-12-26	1936-12-31	Narón
Manuel	Gallego Fernández	1936-12-26	O Val	Mugardos	Execución	58-36, 20-36, 60-37	O Val-Narón	Fusilado	1936-12-26	1937-01-01	Narón
Julio	Álvarez Doval	1936-12-27	O Val	Ferrol	Execución	29-36	O Val	Feridas por arma de fogo ao ser fusilado	1936-12-27	1937-01-02	Narón
Gabino	Álvarez Carreira	1936-12-26	O Val	Vigo	Execución	58-36	O Val-Narón	Feridas producidas por arma de fogo ao ser fusilado	1936-12-26	1936-12-31	Narón
Juan	Costa Romero	1936-12-26	O Val	Ferrol	Execución	58-36	O Val-Narón	Feridas producidas por disparos ao ser fusilado	1936-12-26	1936-12-31	Narón
José	Domínguez Rodríguez	1936-12-26	O Val	Ferrol	Execución	58-36	O Val-Narón	Feridas producidas por disparos ao ser fusilado	1936-12-26	1936-12-31	Narón
Manuel	López Saavedra	1936-12-26	O Val	Ferrol	Execución	58-36, 60-37	O Val-Narón	Feridas producidas por arma de fogo ao ser fusilado	1936-12-26	1936-12-31	Narón
José	Liñeiro Traba	1936-12-26	O Val	Narón	Execución	58-36	O Val	Feridas producidas por arma de fogo ao ser fusilado	1936-12-26	1936-12-31	Narón
Salvador	Aneiros Tejeiro	1936-12-26	O Val	Ferrol	Execución	58-36	O Val-Narón	Fusilado	1936-12-26	1936-12-31	Narón
Eugenio	Bedia Méndez	1936-12-26	O Val	Descoñecido	Execución	58-36	O Val-Narón	Feridas producidas por disparos ao ser fusilado	1936-12-26	1937-01-01	Narón
Evaristo	Nogueira Visitos	1936-12-26	O Val	Ferrol	Execución	58-36	O Val	Feridas producidas por arma de fogo ao ser fusilado	1936-12-26	1936-12-31	Narón
Manuel	Martínez Inclán	1936-12-26	O Val	Descoñecido	Execución	58-36	O Val-Narón	Feridas producidas por arma de fogo ao ser fusilado	1936-12-26	1936-12-31	Narón
Manuel	Calvo Arribas	1936-12-26	O Val	Santiago	Execución	58-36	O Val-Narón	Feridas producidas por disparos ao ser fusilado	1936-12-26	1936-12-31	Narón
Ángel	Méndez García	1936-12-26	O Val	Ferrol	Execución	58-36	O Val-Narón	Feridas por arma de fogo ao ser fusilado	1936-12-26	1936-12-31	Narón
Reyes Antonio	Yáñez Pérez	1936-12-26	O Val	Ferrol	Execución	58-36, 146-37	O Val-Narón	Feridas producidas por arma de fogo ao ser fusilado	1936-12-26	1936-12-31	Narón
Armando	Romero Candamio	1936-12-26	O Val	A Coruña	Execución	58-36	O Val-Narón	Feridas producidas por arma de fogo ao ser fusilado	1936-12-26	1936-12-31	Narón
Juan	Morado Monteagudo	1936-12-26	O Val	Ferrol	Execución	58-36, 60-36	O Val-Narón	Feridas producidas por disparos ao ser fusilado	1936-12-31	1936-12-31	Narón
Jesús	Vázquez Varela	1936-12-26	O Val	Pontedeume	Execución	58-36, 452-38	O Val-Narón	Feridas producidas por arma de fogo ao ser fusilado	1936-12-26	1936-12-31	Narón
Eulogio	Parga Méndez	1936-12-26	O Val	Neda	Execución	58-36	O Val-Narón	Feridas producidas por arma de fogo ao ser fusilado	1936-12-26	1936-12-31	Narón
Manuel	Fernández Arias	1936-12-26	O Val	Ferrol	Execución	58-36	O Val-Narón	Feridas producidas por arma de fogo ao ser fusilado	1936-12-26	1936-12-31	Narón
Antonio	Rianda Castro	1936-12-26	O Val	Ferrol	Execución	58-36	O Val-Narón	Feridas producidas por arma de fogo ao ser fusilado	1936-12-26	1936-12-31	Narón
Joaquín	Calvo Beltrán	1936-12-26	O Val	Ferrol	Execución	58-36	O Val-Narón	Feridas producidas por arma de fogo ao ser fusilado	1936-12-26	1936-12-31	Narón
Leandro	Gregorio Igeimo	1936-12-26	O Val	Ferrol	Execución	58-36	O Val-Narón	Feridas producidas por disparos de arma de fogo ao ser fusilado	1936-12-26	1936-12-31	Narón
Nicolás	Serantes Pérez	1936-12-26	O Val	Ferrol	Execución	58-36	O Val-Narón	Feridas producidas por arma ao ser fusilado	1936-12-26	1936-12-31	Narón
Francisco	Pardal Pouso	1936-12-26	O Val	Ferrol	Execución	58-36	O Val-Narón	Feridas producidas por arma de fogo ao ser fusilado	1936-12-26	1936-12-31	Narón
Higinio	Fajardo Aneiros	1936-12-26	O Val	Ferrol	Execución	58-36, 60-36	O Val-Narón	Feridas producidas por arma de fogo ao ser fusilado	1936-12-26	1936-12-31	Narón
Pablo	Beascoechea Rebollar	1936-12-26	O Val	Ferrol	Execución	58-36	O Val-Narón	Feridas producidas por arma de fogo ao ser fusilado	1936-12-26	1936-12-31	Narón
Francisco	Bellafont Ginart	1936-12-26	O Val	Ferrol	Execución	58-36, 50-36	O Val-Narón	Feridas producidas por arma de fogo ao ser fusilado	1936-12-26	1936-12-31	Narón
Guillermo	Díaz Vales	1936-12-26	O Val	Ferrol	Execución	58-36	O Val	Feridas producidas por arma de fogo ao ser fusilado	1936-12-26	1936-12-31	Narón
Andrés	Cores Fernández	1936-12-12	Cemiterio do Val	Ribeira	Execución	196-36	O Val-Narón	Pasado polas armas	1936-12-12	1936-12-14	Narón
Manuel	González Gutiérrez	1936-11-30	O Val	Descoñecido	Execución		O Val-Narón	Feridas de arma de fogo ao ser pasado polas armas	1936-11-30	1936-12-05	Narón
Francisco	Ortega Ballabriga	1936-11-30	O Val	Descoñecido	Execución		O Val-Narón	Pasado polas armas	1936-11-30	1936-12-05	Narón
Antonio	Berenguer Gallart	1936-11-30	O Val	Descoñecido	Execución		O Val-Narón	Pasado polas armas	1936-11-30	1936-12-05	Narón
Antonio	Castellano Padilla	1936-11-30	O Val	Descoñecido	Execución		O Val-Narón	Pasado polas armas	1936-11-30	1936-12-05	Narón
Francisco	Bermejo Nicolás	1936-11-30	O val	Descoñecido	Execución		O Val-Narón	Pasado polas armas	1936-11-30	1936-12-05	Narón
José	Riel Rivas	1936-11-30	O Val	Ourense	Execución		O Val-Narón	Pasado polas armas	1936-11-30	1936-12-05	Narón
Joaquín	Pérez Martín	1936-11-30	O Val	Descoñecido	Execución		O Val-Narón	Pasado polas armas	1936-11-30	1936-12-05	Narón
Vicente	Navarro Mogollón	1936-11-30	O Val	Descoñecido	Execución		O Val-Narón	Pasado polas armas	1936-11-30	1936-12-05	Narón
Manuel	Fernández Gómez	1937-03-13	Punta do Marteio	Vilaboa	Execución	178-36	O Val	Pasado polas armas	1937-03-13	1937-03-16	Narón

Vítimas rexistradas en Nomes e Voces con rexistro de defunción que sinala como lugar de enterramento o cemiterio de O Val

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

8. Metodoloxía da intervención arqueolóxica

8.1. Estratexia de escavación

En base aos datos obtidos durante a campaña do ano 2023-2024 propúxose a escavación dun total de 29,3m2. Tal e como se comentou con anterioridade a intervención circunscribiuse á área perimetral dos nichos sitos ao W do cemiterio cunha anchura de 1 m. Estas dimensións variaron en campo adaptándose ás necesidades da intervención[3].



Área intervida

Ao remate dos traballos tapáronse as sondaxes devolvendo o cemiterio ao seu estado orixinal.

Enténdese por sondaxe arqueolóxica, conforme ao establecido no artigo 95 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, a remoción

[3] Finalmente interviuse unha área de 31.3m2

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

de terras complementaria da prospección orientada a comprobar a existencia de restos arqueolóxicos ou a recoñecer a súa estratigrafía.



Vista xeral do cemiterio na que se distinguen ao fondo os nichos baixo os que se localizaría a foxa



Detalle da ringleira de nichos baixo os que se localizaría a foxa

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos



Porta de acceso ao cemiterio de Santa María do Val



Muro lateral da Igrexa sobre o que, segundo a fonte oral, o pelotón de fusilamento asasinou a máis de 30 persoas o 26 de decembro de 1936

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

Para a realización do proxecto contouse coa colaboración, tanto na investigación histórica como na busca, localización e exhumación do Antropólogo Forense Fernando Serrulla, do Instituto de Medicina Legal de Galicia.

Esta colaboración considérase esencial de conformidade cos protocolos vixentes sobre a materia, e nomeadamente co recollido no Protocolo de actuación en exhumacións de vítimas da Guerra Civil e a Ditadura comentado en anteriores apartados deste proxecto.

Fernando Serrulla conta con 20 anos de experiencia en exhumacións da Guerra Civil español, interveu en máis de 100 exhumacións en colaboración coa Sociedade de Ciencias Aranzadi, foi designado forense responsable no convenio asinado coa Xunta de Galicia no 2022 para acometer exhumación, e é doutor pola Universidade de Granada adicando a súa tese doutoral á Antropoloxía Forense da Guerra Civil española.

8.2. Rexistro da información

A escavación levouse a cabo con medios manuais. Empregouse a técnica de escavación estratigráfica con alternancia de escavación por niveis artificiais, todo elo circunscrito aos límites da sondaxe previamente replanteada. En consecuencia, a intervención avanzou seguindo a secuencia estratigráfica real do terreo, ou ben mediante a retirada en sucesivas capas artificiais ata detectar cambios significativos na estratigrafía, para a continuación realizar unha escavación estratigráfica.

O rexistro e descrición dos diferentes estratos e interfacies que compoñen a estratificación arqueolóxica realizarase atendendo á adaptación do modelo harrisiano proposto en 1999 por César Parcero Oubiña, Fidel Méndez Fernández e Rebeca Blanco Rotea.

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

Para facilitar e axilizar o rexistro da información durante os traballos de escavación, así como co obxectivo de xerar un rexistro homoxéneo e coherente en canto aos conceptos, termos e criterios de avaliación empregados, dispúxose dunhas fichas de rexistro previamente confeccionadas.

A documentación descritiva recolleu unha valoración básica da secuencia estratigráfica documentada na sondaxe. A información estruturouse de forma que primeiro se recolleu o estudo analítico de cada entidade de estratificación identificada, seguido dunha interpretación, referíndose de forma xenérica á explicación do proceso de formación concreto de cada elemento. Cada estrato e elemento identificado ten a súa propia numeración e ficha de rexistro, e relacionase cunha secuencia cronoestratigráfica global.

Para a descrición dos depósitos usaronse os seguintes criterios:

Cor	
A cor debe recollerse preferiblemente en húmido (fresco), usando os nomes das cores comúns xunto co contrastado directo co código de cores Cailleux. Fixarase a cor predominante, sen impedimento de que se recollan outros tons ou se sinale a variación de cores.	
Composición granulométrica	
Diferenciarase entre texturas de fracción fina (partículas inferiores a 2 mm de diámetro) e grosa (partículas superiores aos 2 milímetros). Para a fracción fina diferenciarase entre (de máis a menos fino) limos, areas e arxilas, mentres que a fracción grosa se clasificará en gravas (2-60 mm), pedras (61-200 mm) ou bloques (>200 mm).	
Estrutura	
A estrutura refírese á organización interna de cada unidade, diferenciarase entre estruturados e non estruturados.	
Compactado / consistencia	
Solto	*Non coherente*
Suave	*A masa ou partículas que forman parte do depósito están moi debilmente unidos e fráxiles, disgrégase facilmente baixo presión moi lixeira.*

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

Duro	*Moderadamente resistente á presión. Pode disgregarse cos dedos.*
Moi duro	*Moi resistente á presión. Pode disgregarse coas mans só con dificultade.*
Extremadamente duro	*Extremadamente resistente á presión. Non se pode disgregar coas mans.*
Textura	
Non adherente	*O material (Sedimentario) predominante coa que está composto o depósito unha vez liberada a presión practicamente non se adhire aos dedos.*
Lixeiramente adherente	*O material predominante co que está composto o depósito unha vez liberada a presión o material adhírese aos dedos pero despréndese completamente.*
Adherente	*Despois da presión o material adhírese aos dedos e tende a estenderse bastante cando se separan os dedos.*
Moi adherente	*Logo da presión, o material adhírese fortemente aos dedos e é decididamente extensible cando estes se separan.*
Plasticidade	
Non plástico	*Non se forma cordón.*
Lixeiramente plástico	*Fórmase cordón pero rómpese inmediatamente se se curva en forma de aro.*
Plástico	*Fórmase o cordón pero rómpese ao dobralo en forma de aro.*
Moi plástico	*Fórmase cordón e pódese dobrar sen que se rompa.*
Límites	
Abrupto	*0-2 cm*
Claro	*2-5 cm*
Gradual	*5-15 cm*
Difuso	*>15 cm*
Abundancia de restos	
Estéril	*0 elementos*
Moi poucos	*2-5 elementos*
Poucos	*5-10 elementos*

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

Abundantes	*10-20 elementos*
Extremadamente abundantes	*>20 elementos*

Para a descrición de elementos interfaciais verticais/cortes:

Tipo de estrutura	*Indicarase a tipoloxía atendendo aos criterios de foxa/silo, oco de poste, gabia, etc.*
Forma en planta	*Refírese a forma da boca en planta, que se diferenciara entre globular, cuadrangular ou irregulares.*
Dimensións e profundidade	*Deixarase constancia do tamaño en planta e a fondura medida entre a boca e a base, entendida como o extremo máis afastado da boca.*
Paredes	*Farase referencia a si as paredes son simétricas ou non, e indicarase, cando sexa posible, a pendente das paredes medidas entre a boca e a base.*
Niveis de recheo	*Seguiranse os criterios establecidos para a descrición das secuencias estratigráficas.*
Observacións	*Indicaranse tamén aquelas características que resulten de interese e non foran rexistradas na descritiva.*

Para a descrición de estruturas emerxentes empregáronse os seguintes criterios:

Tipo de estrutura	*Atenderase á tipoloxía de muro, pavimento, fogar, muralla, cámara, xamba, lintel, etc.*
Tamaño e acabado dos materiais	*Describirase o tamaño e características dos materiais que forman a estrutura, indicando si se usa máis de un tipo de material e, no caso de ser estruturas de pedra, indicarase, na medida do posible, o tipo de aparello.*
Cimentación	*Describirase o sistema empregado (gabia, etc.).*
Forma	*Farase constar a forma da estrutura, tanto en planta como en alzado.*
Dimensións	*Farase constar o ancho, o alto e a lonxitude da estrutura.*

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

Orientación	*En relación aos eixos cardinais ou outros elementos de referencia.*
Observacións	*Indicaranse aquelas características que resulten de interese e non foran rexistradas na descritiva.*

Empregáronse coordenadas absolutas, utilizando o sistema de coordenadas UTM, coa proxección ETRS89 (Fuso 29N). Para o desenvolvemento da intervención contouse cun GPS subcentimétrico que permitiu recoller datos espaciais, tanto relativos á localización de restos de interese como para a delimitación e representación dos estratos e interfacies identificados. Fotografáronse todos aqueles elementos e entidades arqueolóxicas que resultaron de interese para os obxectivos deste proxecto. A totalidade do rexistro fotográfico realizouse en soporte electrónico de alta resolución (NIKON D3400, NIKON D3200, ou semellantes).

Para a documentación planimétrica priorizouse o emprego da fotogrametría terrestre, se ben, tamén se empregou o método tradicional de debuxo, delineando cada unha das entidades ou elementos de interese identificados en planta ou nas seccións de parede a escala 1:10 para logo procesar os debuxos mediante software de deseño gráfico (AutoCAD 2014 ou semellantes).

En consecuencia do exposto, a documentación xerada mediante técnicas como a fotogrametría ou mediante o emprego de instrumentos topográficos de precisión, entrégase en formato electrónico, en soporte shapefile (shp) ou compatibles, coa finalidade de que permita unha fácil interacción entre sistemas SIX.

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

8.3. Fichas de rexistro

- **Fichas de rexistro das unidades estratigráficas**

tempos arqueólogos

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

ÍNDICE DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

INTERVENCIÓN: _____ DATA: _____ PAX.___

Nº UE	TÍTULO	U.R.	TIPO	OBSERVACIÓNS

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

FICHA DE UNIDADE ESTRATIGRÁFICA

Nº UE

XACEMENTO:		ANO:		CÓD. INTERVENCIÓN:		SECTOR:	
TÍTULO UE							

Atributos	Valores	Atributos	Valores
Tipo UE		Cor (positivas)	
Potencia		Compactación (estratos)	
Orientación		Granulometría (estratos)	
Inclinación		Fotografía (non, indicar motivo)	Si / Non / -

Dimensións (Lonx x Alt x Anch)													
Forma													
Composición/Materiais													
Frecuencia e tipo de materiais													
Debuxo	Si: Perfil:		Planta:									Non	
Topografía	Si: Estación:		GPS:	-	Fotogrametría	-	Cota máxima:	-	Cota mínima:	-		Non	
Mostra	Si: Datación:	-	Flotación:	-	Testemuña	-	Outros	-	Material:	-		Non	

Indicar en función dos eixos cardinais N-S, E-O a ser posible

Arqueolóxicos ou non, p.ex: clastos

Descrición


.

Bosquexo/imaxe: Norte:

Guía para a descrición. Incorporación da maior información posible
Cortes: en forma de planta, forma das esquinas, paredes, base, rupturas cóncava e convexa, alteracións, UE de recheo.
Elementos construtivos: materiais, tratamento/talla, técnica construtiva/aparello, morteiro/xuntas, dirección das caras, deformacións, revestimentos e enlucidos, observacións.
Interface construtiva: forma, dimensións, observacións
Bosquexo: Indicar UE de maneira numérica no mesmo.
←↑→↓↖↗↘↙

Relacións		Igual a	
Cuberta por		Cobre a	
Reenchida por		Reenche a	
Cortada por		Corta a	
Apóiaselle		Apóiase en	

Interpretación



Redactor/a da ficha:	Data:	Fase:	Revisada:

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

- **Fichas de rexistro das mostras que se recollan.**

tempos arqueólogos
TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

FOLLA ÍNDICE DE MOSTRAS

ACTUACIÓN:	FOLLA Nº 1

Nº	DATA	SECTOR	UR	UE	MATERIAL	DESTINO (datación, analítica, etc)	COORD.	FOTO

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

REXISTRO DE MOSTRAS

tempos arqueólogos	ACTUACIÓN	SECTOR	CATA	URs	UE(s)	Nº

Rexistrado por	Data

RECOLLIDA	Tipo de material

Mostra dirixida a

Datación	Carpoloxía	Palinoloxía	Ictiofauna	Malacoloxía	Fauna	Sedimentoloxía	Microfauna	Fosfatos	Antracoloxía	Outros

Forma de recollida	Aleatoria	Agrupada	Illada	Total	Nº Litros:_____

Risco de achados intrusivos:	Alto:	Medio:	Baixo:	

Motivo do risco:

Tipo de estrutura / UE

Observacións e descrición da localización

Rexistro gráfico	Sección	Plantas	Fotos


ESQUEMA DO PERFIL / PLANTA

Escala:	
UR(s):	

Coordenadas esquina inferior esquerda

X	
Y	


NORTE



TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos


Botouse man, ademais do glosario de termo, dos esquemas anatómicos recollidos no Protocolo de Minnesota sobre a Investigación de Mortes Potencialmente Ilícitas (2016) coa finalidade de representar, de ser o caso, as características dos restos humanos que se identifiquen.

- **Esqueleto do corpo enteiro**



TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

- **Cranio – vista anterior e posterior.**




TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

- **Cranio – vista lateral (esquerda – I - e dereita – D -).**




I




D

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

- **Cranio – base e bóveda.**





TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

9. Remisión de informes e memoria

Informouse á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do intre de inicio e finalización da intervención arqueolóxica, e ademais, en cumprimento do disposto no Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia, emitiuse un informe valorativo dos traballos unha vez finalizada a actuación en campo.

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

10. Temporalidade da actuación

O traballo de campo desenvolveuse durante 10 xornadas laborais (do 4 ao15 de novembro de 2024).

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

11. Relación nominal do equipo que participa na intervención

Ademais do xa mencionado Fernando Serrulla Rech, do Instituto de Medicina Legal de Galicia, participan neste proxecto as seguintes persoas vinculadas á Universidade de Santiago de Compostela:

- Lourenzo Férnandez Prieto, I.P. Dep. de Historia. Grupo HISTAGRA.
- Antonio Mígez Macho, Dep. de Historia. Grupo HISTAGRA.
- Concepción López Sánchez, investigadora predoutoral do Grupo HISTAGRA.
- Rafael García Ferreira, investigador predoutoral do Grupo HISTAGRA.
- Xavier Buxeiro Alonso, investigador predoutoral do Grupo HISTAGRA.
- Aldara Cidrás Fuentes, investigador predoutoral do Grupo HISTAGRA.
- Jessica Nogueira Castro, investigadora predoutoral do Grupo HISTAGRA.
- José Carlos Sánchez Pardo, investigador postdoutoral do Grupo Síncrisis.
- Ángel Carracedo Álvarez, Instituto de Ciencias Forenses Luís Concheiro (USC)
- María Victoria Lareu Huidobro, Directora do Instituto de Ciencias Forenses (USC).
- Ana Mosquera Miguel, investigadora postdoutoral do Instituto de Ciencias Forenses (USC).
- Amelia Rodríguez López, persoal técnico do Instituto de Ciencias Forenses (USC).
- Adrián Ambroa Conde, investigador predoutoral do Instituto de Ciencias Forenses (USC).
- Ana Freire Aradas, investigadora postdoutoral do Insituto de Ciencias Forenses (USC).

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

- María de la Puente Vila, investigadora postdoutoral do Instituto de Ciencias Forenses (USC).

Participaron, como executores da sondaxe arqueolóxica:

- Oria Ferreiro Diz, Técnica de Tempos Arqueólogos S.L., Directora da intervención arqueolóxica.
- Iria López, Técnica de Tempos Arqueólogos S.L., adxunta á dirección da intervención arqueolóxica.
- Ainhoa Dapena Bugallo, Técnica de Tempos Arqueólogos S.L., equipo técnico da intervención arqueolóxica.
- Bruno Engel Pizcueto, Técnico de Tempos Arqueólogos S.L., equipo técnico da intervención arqueolóxica.
- Carlos Vázquez, Técnico de Tempos Arqueólogos S.L., equipo técnico da intervención arqueolóxica.
- Rui Da Silva, Auxiliar de Tempos Arqueólogos S.L, equipo da intervención.

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

12. Traballos de escavación e resultados

No presente apartado descríbense os resultados obtidos durante a realización dos traballos arqueolóxicos levados a cabo no interior do cemiterio de Santa María a Maior de O Val (Narón) durante o mes de novembro de 2024.

Tal e como se comentou con anteroridade a intervención circunscibiuse na zona W do cemiterio. Realizouse unha gabia perimetral acaroada aos nichos situados na zona W do camposanto.



Vista desde NW da zona a intervir

De cara ao rexistro da información dividiuse a zona de intervención en diferentes sectores se ben uniformáronse UES para dar unha lectura estratigráfica máis clara e evitar redundancias.

Así mesmo, e debido a cuestións de seguridade, ao descoñecer a estabilidade dos nichos optouse por escavar os diferentes sectores e tapar evitando así deixar en aire as cimentacións durante un tempo prolongado.

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos



Área intervida e sectores



Traballos de decapado da zona a intervir

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

12.1. Sector 1

Localizado na zona N do cemiterio, acaroado á zona intervida na campaña anterior. A profundidade máxima acadada foi de -83cm.

No denominado sector 1 rexístrase unha secuencia estratigráfica semellante á xa documentada durante a intervención anterior. Situado na zona W do cemiterio entre a construción de nichos que se estende acaroada ao muro de peche do cemiterio.



Localización do denominado sector 1

Comezouse coa retirada da capa vexetal, após destas labores iniciais, procedeuse a executar a escavación propiamente dita mediante a retirada do nivel máis superior de sedimento (**UE01**), un depósito de entre 5 e 8 cm de potencia de cor marrón escuro, orgánico, cunha textura de fracción fina, limosa, caracterizado por unha consistencia suave, unha textura lixeiramente adherente e lixeiramente plástico. Neste depósito, abundaban as raíces así como as pedras de pequeno tamaño e os restos de lixo procedente da actividade do cemiterio.

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos



Retirada do tapiz vexetal desde SE



UE01 *trala retirada do tapiz vexetal desde S*

Por debaixo deste nivel máis superior, identificouse un segundo depósito (**UE02**). Trátase dun depósito de entre 20-30 cm de potencia, constituído por un sedimento de tonalidade marrón escura e textura de fracción fina, lixeiramente adherente e lixeiramente plástico. Caracterízase pola presenza

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

de restos óseos fragmentados e revoltos, mesturados con lixo (vidro, plástico) e material de construción.



***UE02** no sector 1 desde S*

Ao retirar este depósito, o cal ocupaba a totalidade da área intervida, identificouse en planta un depósito de cor amarela denominado **UE03**. Depósito de matriz limo–arxilosa de cor amarela, cunha composición granulométrica fina e unha compactación de tipo alta. Presenta textura adherente e plasticidade media-alta, en canto aos materiais resulta estéril.

Unha vez retirada a UE02 nesta zona delimítase a foxa documentada anteriormente na que apareceron restos óseos nun estado de conservación moi delicado. Estes restos non se encontran nunha posición orixinal, senón que foron desprazados e afectados directamente pola construción do bloque de nichos, resultando un espazo altamente removido e alterado. Delimitouse o contorno completo no eixo E-W da interfacies vertical **(UE107)** e o seu depósito de recheo **(UE106)** -xa localizadas durante a campaña anterior-

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

As dimensións documentadas nesta campaña foron de 20cm (E-W) e 25 cm (N-S), cuns 65 cm de potencia máxima.

Nesta intervención rexistrouse o límite E da mesma, confirmando a súa orientación debaixo do sorpo de nichos e das beirarrúas dos panteóns.



*Vista **UE107** e **106***



***UE107** trala retirada dos restos óseos*

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

A creación destes panteóns dataría aproximadamente, segundo a fonte oral, entre os cincuenta e os anos sesenta do século XX. Un testemuño oral vincula, precisamente, a construción destes nichos co desmantelamento parcial da foxa/s. Tras o inicio das obras, interviríase a foxa para retirar os restos e poder edificar os alicerces da construción nese mesmo lugar.



Perfil S do sector 1

Trala súa retirada e por cuestións de seguridade e de estabilidade dos corpos de nichos situados nos límites do sector, que xa se atopaban a nivel de cimentación, decidiuse dar por finalizada a escavación nesta área sen localizar nin documentar novas evidencias de inhumacións.

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

12.2. Sector 2 (2A/2B)

O denominado sector 2 presentou unhas dimensións totais de 7 metros de lonxitude por 1m de ancho. A profundidade máxima acadada foi de -1.50m.



Localización sector 2A e 2B

Comezouse coa retirada da capa vexetal, após destas labores iniciais, procedeuse a executar a escavación propiamente dita mediante a retirada do nivel máis superior de sedimento (**UE01**), un depósito de entre 5 e 8 cm de potencia de cor marrón escuro, orgánico, cunha textura de fracción fina, limosa, caracterizado por unha consistencia suave, unha textura lixeiramente adherente e lixeiramente plástico. Neste depósito, abundaban as raíces así como as pedras de pequeno tamaño e os restos de lixo procedente da actividade do cemiterio.

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos



*Vista da **UE01** trala retirada do tapiz vexetal no denominado sector 2*

Por debaixo deste nivel máis superior, identificouse un segundo depósito (**UE02**). Trátase dun depósito de entre 20-30 cm de potencia, constituído por un sedimento de tonalidade marrón escura e textura de fracción fina, lixeiramente adherente e lixeiramente plástico. Caracterízase pola presenza de restos óseos fragmentados e revoltos, mesturados con lixo (vidro, plástico, un fragmento de cerámica vidrada) e material de construción.

Ao retirar este depósito, o cal ocupaba a totalidade da área intervida, identificouse en planta un depósito de cor amarela – denominado **UE03**- depósito de matriz limo –arxilosa de cor amarela, cunha composición granulométrica fina e unha compactación de tipo alta. Presenta textura adherente e plasticidade media-alta, en canto aos materiais resulta estéril.

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos



*En planta **UE03** desde SE. Obsérvase elemento construtivo pertencente a un antigo enterramento (cruz de cemento)*

Trala retirada da UE03, documéntase un depósito de recheo de cor marrón escuro (**UE19**) de compactación media e con inclusión de material construtivo. En canto a materiais resulta estéril. Presenta unha potencia media de 50cm.



Detalle perfil estratigráfico W

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

Durante o proceso de escavación comezan a aparecer restos de calzado e restos óseos acaroados ao perfil W, debaixo dos nichos.



Proceso de escavación



Proceso de escavación

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
Indicar en función dos eixos cardinais N-S, E-O a ser posible

Arqueolóxicos ou non, p.ex: clastos

Descrición

Depósito de cor marrón escuro de compacidade media e plástico que reenche a interfacies (UE29).

Localízanse varios restos de cerámica tradicional vidrada. Presente unhas forma irregular que se extende marcando o contorno do corpo de nichos. As dimensións documentadas son de 54cm (mínima), 137cm (máxima) no eixo E-W x 1.30 no eixo N-S.


Localízanse varios fragmentos de cerámica tradicional vidrada de cronoloxía contemporánea e un fragmento de louza con posible selo de fábrica Pickman.

Bosquexo/imaxe: Norte: →



Guía para a descrición. Incorporación da maior información posible
Cortes: en forma de planta, forma das esquinas, paredes, base, rupturas cóncava e convexa, alteracións, UE de recheo.
Elementos construtivos: materiais, tratamento/talla, técnica construtiva/aparello, morteiro/xuntas, dirección das caras, deformacións, revestimentos e enlucidos, observacións.
Interface construtiva: forma, dimensións, observacións
Bosquexo: Indicar UE de maneira numérica no mesmo.
←↑→↓↖↗↘↙

Relacións		Igual a	
Cuberta por	02	Cobre a	
Reenchida por		Reenche a	29
Cortada por		Corta a	
Apóiaselle		Apóiase en	



Interpretación

Depósito que reenche á UE29. Posiblemente relacionado coa construción do corpo de panteóns.

Redactor/a da ficha:	Data:	Fase:	Revisada:

tempos arqueólogos
TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 www.tempos.es
info@tempos.es TemposArqueologos
677 164 635 650 337 454

FICHA DE UNIDADE ESTRATIGRÁFICA

Nº UE 29

XACEMENTO:	AMPLIACIÓN FOXA O VAL	ANO:	2024	CÓD. INTERVENCIÓN:	CT 102A 2024/530-0	SECTOR:	4
TÍTULO UE	Interfacies UE28						

Atributos	Valores	Atributos	Valores
Tipo UE	Interfacies	Cor (positivas)	
Potencia		Compactación (estratos)	
Orientación		Granulometría (estratos)	
Inclinación		Fotografía (non, indicar motivo)	-

Dimensións (Lonx x Alt x Anch)													Indicar en función dos eixos cardinais N-S, E-O a ser posible		
Forma															
Composición/Materiais															
Frecuencia e tipo de materiais													Arqueolóxicos ou non, p.ex: clastos		
Debuxo	Si:	Perfil:		Planta:										Non	
Topografía	Si:	Estación:		GPS:	-	Fotogrametría	-	Cota máxima:	-	Cota mínima:	-			Non	
Mostra	Si:	Datación:	-	Flotación:	-	Testemuña	-	Outros	-	Material:	-			Non	

Descrición


Interfacies que afecta á UE03, presenta planta irregular seguindo que presenta unha planta irregular que marca o contorno do corpo de nichos. Presenta unhas dimensións documentadas en planta de 54cm (mínima), 137cm (máxima) no eixo E-W x 137cm no eixo N-S.

Guía para a descrición. Incorporación da maior información posible
Cortes: en forma de planta, forma das esquinas, paredes, base, rupturas cóncava e convexa, alteracións, UE de recheo.
Elementos construtivos: materiais, tratamento/talla, técnica construtiva/aparello, morteiro/xuntas, dirección das caras, deformacións, revestimentos e enlucidos, observacións.
Interface construtiva: forma, dimensións, observacións
Bosquexo: Indicar UE de maneira numérica no mesmo.
←↑→↓↖↗↘↙

Bosquexo/imaxe: Norte: →



Relacións		Igual a	
Cuberta por		Cobre a	
Reenchida por	28	Reenche a	
Cortada por		Corta a	03
Apóiaselle		Apóiase en	



Interpretación

Interfacies posiblemente relacionada coa construción do corpo de nicho

Redactor/a da ficha:	Data:	Fase:	Revisada:	

tempos arqueólogos
CIF: B70608948
info@tempos.es
www.tempos.es
TemposArqueologos
677 164 635 / 650 337 454

Sigla	UE	Material	Produción	Parte	Modelado	Tipo	Técnica Decoración	Motivo decoración	Cronoloxía	Foto	Observacións
FCOV2024.01/01	01	Cerámica	Olaría popular vidrada	Borde	Torno	Indeterminado	Vidrada		Contemporánea		1/01-FCOV2024.01/20 forman todos parte do mesmo cacharro
FCOV2024.01/02	01	Cerámica	Olaría popular vidrada	Borde	Torno	Indeterminado	Vidrada		Contemporánea		1/01-FCOV2024.01/20 forman todos parte do mesmo cacharro
FCOV2024.01/03	01	Cerámica	Olaría popular vidrada	Borde	Torno	Indeterminado	Vidrada		Contemporánea		1/01-FCOV2024.01/20 forman todos parte do mesmo cacharro
FCOV2024.01/04	01	Cerámica	Olaría popular vidrada	Corpo	Torno	Indeterminado	Vidrada		Contemporánea		1/01-FCOV2024.01/20 forman todos parte do mesmo cacharro
FCOV2024.01/05	01	Cerámica	Olaría popular vidrada	Fondo	Torno	Indeterminado	Vidrada		Contemporánea		1/01-FCOV2024.01/20 forman todos parte do mesmo cacharro
FCOV2024.01/06	01	Cerámica	Olaría popular vidrada	Fondo	Torno	Indeterminado	Vidrada		Contemporánea		1/01-FCOV2024.01/20 forman todos parte do mesmo cacharro
FCOV2024.01/07	01	Cerámica	Olaría popular vidrada	Corpo	Torno	Indeterminado	Vidrada		Contemporánea		1/01-FCOV2024.01/20 forman todos parte do mesmo cacharro
FCOV2024.01/08	01	Cerámica	Olaría popular vidrada	Corpo	Torno	Indeterminado	Vidrada		Contemporánea		1/01-FCOV2024.01/20 forman todos parte do mesmo cacharro
FCOV2024.01/09	01	Cerámica	Olaría popular vidrada	Corpo	Torno	Indeterminado	Vidrada		Contemporánea		1/01-FCOV2024.01/20 forman todos parte do mesmo cacharro
FCOV2024.01/10	01	Cerámica	Olaría popular vidrada	Fondo	Torno	Indeterminado	Vidrada		Contemporánea		1/01-FCOV2024.01/20 forman todos parte do mesmo cacharro
FCOV2024.01/11	01	Cerámica	Olaría popular vidrada	Fondo	Torno	Indeterminado	Vidrada		Contemporánea		1/01-FCOV2024.01/20 forman todos parte do mesmo cacharro
FCOV2024.01/12	01	Cerámica	Olaría popular vidrada	Corpo	Torno	Indeterminado	Vidrada		Contemporánea		1/01-FCOV2024.01/20 forman todos parte do mesmo cacharro
FCOV2024.01/13	01	Cerámica	Olaría popular vidrada	Corpo	Torno	Indeterminado	Vidrada		Contemporánea		1/01-FCOV2024.01/20 forman todos parte do mesmo cacharro
FCOV2024.01/14	01	Cerámica	Olaría popular vidrada	Corpo	Torno	Indeterminado	Vidrada		Contemporánea		1/01-FCOV2024.01/20 forman todos parte do mesmo cacharro
FCOV2024.01/15	01	Cerámica	Olaría popular vidrada	Corpo	Torno	Indeterminado	Vidrada		Contemporánea		1/01-FCOV2024.01/20 forman todos parte do mesmo cacharro
FCOV2024.01/16	01	Cerámica	Olaría popular vidrada	Corpo	Torno	Indeterminado	Vidrada		Contemporánea		1/01-FCOV2024.01/20 forman todos parte do mesmo cacharro
FCOV2024.01/17	01	Cerámica	Olaría popular vidrada	Fondo	Torno	Indeterminado	Vidrada		Contemporánea		1/01-FCOV2024.01/20 forman todos parte do mesmo cacharro
FCOV2024.01/18	01	Cerámica	Olaría popular vidrada	Corpo	Torno	Indeterminado	Vidrada		Contemporánea		1/01-FCOV2024.01/20 forman todos parte do mesmo cacharro
FCOV2024.01/19	01	Cerámica	Olaría popular vidrada	Corpo	Torno	Indeterminado	Vidrada		Contemporánea		1/01-FCOV2024.01/20 forman todos parte do mesmo cacharro
FCOV2024.01/20	01	Cerámica	Olaría popular vidrada	Asa	Torno	Indeterminado	Vidrada		Contemporánea		1/01-FCOV2024.01/20 forman todos parte do mesmo cacharro
FCOV2024.02/01	02	Cerámica	Cerámica común	Borde	Torno	Indeterminado	Vidrada		Contemporánea		Localizado no denominado sector 2
FCOV2024.02/02	02	Metal	Plomo	Proxectil					Contemporánea		Presenta marcas de estriado polo que o proxectil foi disparado. Munición empregada en arma curta tanto pola

FCOV2024.03/01	03	Metal	Aluminio		Molde	Medalla asistencia catequese			Contemporánea. Probablemente anos 40-70 S.XX		No anverso aparece a imaxe do Sagrado Corazón coa lenda “Dejad que los niños vengan a mí”. No reverso aparece “Catecismo parroquial SHI” rodeando á cifra “1". Localizado no denominado sector 5
FCOV2024.04/01	04	Metal	Ferro		Molde	Indeterminado			Contemporánea		Asociado ao individuo 14
FCOV2024.04/02	04	Coiro			Manual	Sola de bota			Contemporánea		Restos do calzado individuo 14
FCOV2024.18/01	18	Cerámica	Olaría popular vidrada	Fondo	Torno	Indeterminado	Vidrada		Contemporánea		Presenta vidrado interior cor amarelo. Localizado
FCOV2024.20/01	20	Metal	Ferro		Molde	Candado			Contemporánea		
FCOV2024.20/02	20	Metal	Ferro		Molde	Candado			Contemporánea		
FCOV2024.20/03	20	Metal	Ferro		Molde	Candado			Contemporánea		
FCOV2024.20/04	20	Metal	Ferro		Molde	Candado			Contemporánea		
FCOV2024.20/05	20	Metal	Ferro		Molde	Candado			Contemporánea		
FCOV2024.20/06	20	Metal	Ferro		Molde	Candado			Contemporánea		
FCOV2024.20/07	20	Metal	Ferro		Molde	Indeterminado			Contemporánea		Individuo 7
FCOV2024.20/08	20	Metal	Ferro		Molde	Indeterminado			Contemporán		Individuo 7
FCOV2024.20/09	20	Metal	Ferro		Molde	Indeterminado			Contemporán		Individuo 7
FCOV2024.20/10	20	Metal	Ferro		Molde	Indeterminado			Contemporán		Individuo 7
FCOV2024.20/11	20	Metal	Ferro		Molde	Candado			Contemporánea		Individuo 2
FCOV2024.20/12	20	Metal	Ferro		Molde	Fibela			Contemporánea		Individuo 7
FCOV2024.20/13	20	Metal			Molde	Aplique decorativo			Contemporánea		nda conserva restos do que parece textil. Atópase fragmentada
FCOV2024.22/01	22	Caucho	Caucho		Molde	Sola de bota			Contemporánea		Fragmentos de restos de bota Individuo 12 cor vermello tella
FCOV2024.28/01	28	Cerámica	Olaría popular vidrada	Borde	Torno	Indeterminado	Vidrada-Pintada	Decoración mediante unha liña amarela no bordo	Contemporánea		
FCOV2024.28/02	28	Cerámica	Cerámica común	Fragmento	Indeterminado	Indeterminado	Vidrada		Contemporánea		

tempos arqueólogos
CIF: B70608948
info@tempos.es
www.tempos.es
TemposArqueologos
677 164 635 / 650 337 454

FCOV2024.28/03	28	Cerámica	Louza La Cartuja de Sevilla Pickman	Fondo	Molde	Prato	Selo		Contemporánea		
FCOV2024.28/04	28	Cerámica	Olaría popular vidrada	Borde	Torno	Ola?	Vidrada		Contemporánea		
FCOV2024.28/05	28	Cerámica	Cerámica común	Fragmento	Torno	Indeterminado	Plástica		Moderna-Contemporánea		

INFORME HISTÓRICO

A FOSA DO CEMITERIO DE SANTA MARÍA A MAIOR DO VAL, NARÓN



Conchi López Sánchez

Grupo HISTAGRA, Universidade de Santiago de Compostela

1. Antecedentes



Figura 1. Plano actual do Cemiterio de Santa María A Maior do Val, Narón Fonte: Google Earth



Figura 2. Plano do antigo Cemiterio de Santa María A Maior do Val, Narón, nos anos cincuenta do século XX. Fonte: Vuelo Americano (Serie B, 1956-1957)

O cemiterio de Santa María A Maior do Val está situado ao lado da correspondente igrexa parroquial, localizada no concello de Narón e no partido xudicial de Ferrol, a uns escasos 15 quilómetros da cidade e do Arsenal Militar de Ferrol. Esta proximidade coa capital do Departamento Marítimo do Norte fixo que funcionara, dun xeito peculiar, durante a guerra civil, como lugar de enterramento daquelas persoas que foron asasinadas polas autoridades golpistas.



Figura 3. Imaxe actual da placa homenaxe do cemiterio de O Val, Narón. Fonte: fondo Histagra.

A grandes trazos, foi un lugar que cambiou moito en, relativamente, pouco tempo (Figs. 1 e 2). Nun período aproximado de cincuenta anos levouse a cabo unha gran ampliación e outras pequenas modificacións que supuxeron a ampliación do cemiterio e a construción de novos nichos e accesos. Segundo as noticias que tiñamos ao inicio das investigacións, era un lugar non intervido, pero si memorializado grazas ás accións levadas a cabo pola Asociación Cultural Memoria Histórica Democrática. Eles colocaron fóra do adro, no lugar onde lle concederon permiso, unha placa "en lembranza e homenaxe ás vítimas da ditadura franquista, 1936-1975", que foi inaugurada o 7 de decembro de 2003 e apenas uns quince días despois, sufriu un acto vandálico (Fig. 3). Por tanto, era un lugar xa recoñecido previamente pola comunidade e incluso, moi traballado por parte de investigadores locais, como Xosé Manuel Suárez, Eliseo Fernández ou

Bernardo Máiz[1] e a propia Asociación. Precisamente, grazas aos estes traballos previos, a nosa investigación partía dunha hipótese sobre a localización da/s fosa/s: a parte posterior do cemiterio antigo, xunto ao muro de peche (Fig. 4).



Figura 4. Plano do cemiterio de Sta. Mª A Maior do Val no que se sinala en vermello a hipótese inicial de localización da/s fosa/s. Fonte: Google Earth

É imposible coñecer a historia do cemiterio do Val durante a primeira metade do século XX sen ter en conta os sucesos do golpe militar de 1936 e a súa proximidade e relación con Ferrol, capital do Departamento Marítimo do Norte. A toma da principal base naval galega, xunto coas do departamento de Cádiz, por parte dos golpistas, descabezou dous terzos dos mandos lexítimos das capitais marítimas do Estado español. Isto permitiu procesar e executar a centos de mariños, ocupar e transformar os seus espazos de poder e adxudicar novas funcións aos buques. As embarcacións encautadas, como o "Plus Ultra", o "Contramaestre Casado" ou o "Genoveva", funcionaron como centros de

[1] Xosé Manuel Suárez, *Guerra civil e represión en Ferrol e comarca,* Ferrol: concello de Ferrol, 2002. Xosé Manuel Suárez, *Crónica negra de la Marina Española, Ferrol, 1936-1939,* 2018, dispoñible en: https://www.academia.edu/44532763/Crónica_negra_de_la_Marina_Española_30_páginas. Eliseo Fernández Fernández, "A Delegación de Orden Público e a administración do terror en Ferrol (1936)", en VV.AA., *Os nomes do terror: Galiza, 1936, os verdugos que nunca existiron*, A Coruña: Sermos Galiza, 2017: páxs. 81-98.

detencións provisionais. Albergaron un gran número de presos, precisamente, o maior pico do que temos constancia dáse no mes de agosto de 1936, con 650 detidos, aproximadamente, todos eles auxiliares, maquinistas, cabos e mariñeiros da Armada, xunto con media ducia de oficiais. Un testemuño que estivo recluído no "Plus Ultra" recorda que, "estabamos alojados en una bodega de carga, sin luz y en la más completa suciedad. Éramos doscientos hombres con dos cubos de agua: uno para beber y lavarnos, el otro para nuestras necesidades" [2].

Estamos, por tanto, diante dun dos cemiterios que rexistran un maior número de enterramentos de vítimas da violencia golpista e da retagarda, en Galicia, entre 1936 e 1939. Se deixamos a un lado as cifras das cabeceiras de provincia, os cemiterios de Canido (Ferrol), Pereiró (Vigo), Serantes (Ferrol), O Val (Narón) e Aranga son os que máis inhumacións presentan, en termos absolutos, segundo os rexistros civís de defuncións. No caso de Canido, Serantes e O Val, aglutinan a maioría dos enterramentos derivados das execucións realizadas tras as sentenzas a pena de morte, ditadas polos tribunais militares da xurisdición de Mariña. Precisamente, ao redor un 30% das máis de 11.500 persoas encausadas en Galicia, entre 1936 e 1939, fórono baixo a competencia da Armada e do departamento marítimo de Ferrol[3].

Por todos os antecedentes sinalados anteriormente, o cemiterio do Val supón un lugar, cunhas características e unha idiosincrasia peculiar que son idóneas para coñecer os mecanismos de funcionamento da violencia golpista na retagarda. Debido a esta circunstancia, o estudo desta fosa foi promovido pola propia Universidade de Santiago de Compostela, e, posteriormente, tras a difusión nos medios do comezo das investigacións, foron varias familias as que se puxeron en contacto para localizar aos seus familiares enterrados no Val.

[2] *Íbidem*
[3] Base de datos interna de Nomes e Voces. Unha versión máis sinxela, accesible en: nomesvoces.net

2. Indagación preliminar sobre as vítimas para a súa identificación e localización

Principalmente, dous foron os retos formulados aos inicios desta investigación: a) Identificar as vítimas enterradas neste espazo durante a guerra civil; e isto implica, non só, desenvolver as súas traxectorias vitais previas, senón tamén, a súa relación coa violencia de 1936: como pasan de ser "cidadáns correntes" a "rebeldes contra el Glorioso Movimiento Nacional". b) Coñecer a evolución do espazo no que se localiza a fosa e cales foron as claves para que alí se ordenaran e executaran, dentro dunhas coordenadas temporais e espaciais moi concretas, as inhumacións dos asasinados.

Neste punto, trataremos o referido á primeira cuestión, para a que partimos dos datos recollidos pola base de datos de Nomes e Voces, que se cotexaron con outras fontes, como a base de datos da Asociación Cultural Memoria Histórica Democrática, o rexistro civil de defuncións de Narón, o rexistro de enterramentos parroquial, as causas militares (que procesaron e condenaron á maioría das vítimas alí enterradas) ou fontes bibliográficas, entre as que destaca o traballo de Xosé Manuel Suárez, citado anteriormente.

Comezaremos por distinguir as distintas fases da evolución da/s fosa/s, en función do desenvolvemento dos enterramentos, entre 1936 e 1939. Neste período, temos constancia de que 51 persoas, vítimas da violencia golpista, foron inhumadas no cemiterio do Val. O rango de idade abarca dende os 18 ata os 43 anos, situándose, mais do 83%, entre os 18 e os 30 anos. Neste caso, as súas profesións están intimamente ligadas coas circunstancias dos seus asasinatos. Salvo as catro persoas que foron "paseadas", todas as demais eran mariños, oficiais e suboficiais da Armada, que formaban parte das dotacións de distintas embarcacións. Isto tamén ten moito que ver co lugar de nacemento e veciñanza, non temos datos para todos eles, pero si podemos concluír que, ao redor dun 70%, eran veciños dalgún concello galego no momento da súa morte e, aproximadamente, un 63% naceran aquí. A pesar de que moitos tiñan fixada

a súa residencia en Ferrol e arredores, o feito é que gran parte deles non se involucraron nin terminaron por integrarse nas comunidades locais, pois vivían máis de cara ao Arsenal baixo dinámicas militares. Tal foi o caso de Óscar Fernando Roza Ramos, cabo de artillería, executado no Val, o 26 de decembro de 1936. No informe que emite a Garda Civil de Mugardos sobre o seu comportamento, ante o xuíz instrutor, sinala que "observó buena conducta y antecedentes, el escaso tiempo que permaneció en esta villa por hallarse la mayor parte del tiempo embarcado"[4].

No que respecta ás fases da conformación da fosa do cemiterio de O Val, identificamos **oito datas diferenciadas** nas que se levaron a cabo os asasinatos. É importante diferenciar entre as datas de asasinato e as datas de enterramento, parece obvio, pero non teñen por que ser coincidentes e, isto, se estamos a falar dun período de tempo moi concreto e curto, é importante subliñalo, pois poden determinar a conformación da/s fosa/s. Na maioría dos casos, ambas datas adoitan coincidir ou, de haber diferencias, adoitan ser de un día, precisamente debido á tipoloxía da maioría dos asasinatos (execución tras sentenza militar) e á propia dinámica loxística da violencia. Isto indica unha elevada probabilidade da **existencia de mais dunha fosa**, e a necesidade, nun principio, de investigar cada data de morte de forma independente, tendo en conta que pode haber datas de enterramento que aglutinen mortes de diferentes días, moi próximos:

1. **19 de agosto de 1936.** Ten lugar o asasinato de tres persoas, GABRIEL CRUZ MOURIZ, LUIS RODRÍGUEZ NOVÁS e JOSÉ LOPEZ LEIRA, veciños de Ferrol e Narón. Todos eles traballaban como obreiros da construción naval e, un deles, José López Leira, formaba parte da corporación municipal republicana de Narón. As circunstancias das súas mortes sitúanos ante tres "paseos" que non foron rexistrados no xulgado de Narón ata os anos corenta, en virtude "de auto dictado por la

[4] Archivo Naval de Ferrol (ANF), Causa 58/36, folio 510.

Superioridad”[5]. Apenas puidemos investigar sobre a traxectoria vital en relación coa violencia de 1936, unicamente, temos o dato de que José López Leira fora condenado, xunto con seu pai, “por faltas contra el culto católico, por no descubrirse al paso de la procesión el día 23 de septiembre último y además de mofarse de dicho acto; se dictó sentencia por el tribunal municipal condenándolos a la pena de diez pesetas de multa cada uno, tres días de arresto y costes de ambos juicios”[6].

2. **26 de agosto de 1936.** JOAQUÍN BOUZAMAIOR GATO, presidente da Agrupación Socialista de Narón e do Sindicato de Agricultores y Oficios Varios de Trasancos, de onde era natural e veciño, foi asasinado, moi preto do cemiterio, a un escaso kilómetro (Fig. 5). A súa morte foi rexistrada polo xulgado civil case catro meses despois, segundo un oficio da Comandancia da Garda Civil de Xubia. Segundo un testemuño, a Joaquín levárono a “pasear” xunto con outras cinco ou seis persoas, unha delas, José María Díaz Díaz, que sobreviviu e puido contarlle, a un amigo anos despois, o sucedido:




Figura 5. Distancia actual entre o lugar de asasinato (o cruce a Santa Margarita pola estrada a Cedeira)e enterramento. Fonte: Google earth editado

[5] Xulgado civil de Narón, Libro rexistro de defuncións: foron inscritos, respectivamente, os días 9 de outubro de 1943, 23 de marzo de 1944 e o 9 de marzo de 1942 (información facilitada pola ACMHD). X.M. Suárez, *Guerra civil...*

[6] *El Ideal Gallego*, 24/10/1923.

Fóronos matar a unha cuneta alá no Val, onde (...) a sala de festas A Concha, na carretera que vai a Cedeira, por aquí, a carretera que vai a Valdoviño e ao chegar a un cruce que vai a Santa Margarita, matáronos alí (...). Iban amarrados, atáronos a unha corda (...) entonces iba amarrado a outro, ao disparar, o outro caeu morto e a el déronlle un tiro aquí e caeu tamén e desamarrouse e como era de noite, escapou e ao outro lado da carretera era monte e un pouquiño mais adiante, así como a 30 metros, hai un camiño fondo que atravesa e a el lle serviu de parapeto porque os guardias empezaron a enfocar cos faros do coche e a dispararlle pero claro, xa non o pescaron[7].

3. **30 de novembro de 1936**. O día 5 de decembro de 1936 foron rexistradas no xulgado de Narón, por orde do "capitán comisionado de Ferrol", dez mortes executadas uns días antes: JUAN FABREGAT BERTO, JOSÉ MIGUEL SOLER, MANUEL GONZÁLEZ GUTIÉRREZ, FRANCISCO ORTEGA BALLABRICA, ANTONIO BERENGUER GALIART, ANTONIO CASTELLANO PADILLA, FRANCISCO BERMEJO NICOLÁS, JOSÉ RIAL RIVAS, JOAQUÍN PÉREZ MARTÍN e VICENTE NAVARRO MOGOLLÓN. Todos eles eran mariñeiros do vapor "Domine" e non eran naturais, nin veciños de Galicia. O rexistro parroquial dá conta, moito mais tarde, destas mortes e indica que "recibieron sepultura canónica" e que foron enterrados "por sentencia habida en consejo sumarísimo". A tipoloxía destas mortes é moi peculiar e apenas foi estudada, pois non se tratan de execucións, nin de "paseos", propiamente ditos (as dúas categorías empregadas de forma maioritaria para falar dos diferentes procedementos dos asasinatos neste contexto). Estas persoas non foron procesadas en ningunha causa militar pero a lóxica que seguen os seus asasinatos e a xestión dos seus corpos,

[7] Entrevista nº 2065, realizada a José Beceiro Fernández, por Antonio Míguez Macho, o 27/7/2006, en Covas (Ferrol), fondo Histagra, Terra e Memoria.

aproxímase mais á das execucións que á dos "paseos". O auditor da base naval, determina que os tripulantes do vapor "Domine", incautado pola Armada, tramaron un complot para "apoderarse do barco e pasarse ao inimigo", e por tanto, pide á máxima autoridade da base, Luis de Castro Arizcun, que "se sirva disponer que a las cinco de la tarde de hoy, en la Punta del Martillo de este Arsenal, y en presencia de las fuerzas, para que ello sirva de ejemplaridad, como lo requieren las actuales circunstancias; sin previa formación de juicio ni más trámites, sean pasados por las armas"[8]. Sobre o lugar do asasinatos, temos fontes contraditorias; por un lado, o expediente, xunto co libro de enterramentos parroquial de O Val, sinalan a "Punta do Martillo", no Arsenal de Ferrol (Fig. 6), lugar habitual de execucións; mentres que o rexistro civil de defuncións de Narón, apunta "a parroquia do Val".




Figura 6: Plano de Ferrol no que se sinala a "Punta de Martillo" do Arsenal. Fonte: Anca (2005: 105).

[8] ANF, Expediente 319/37.

4. **12 de decembro de 1936.** ANDRÉS CORES FERNÁNDEZ, cabo de marinería do bou "Tito", foi executado, tras unha sentencia a pena de morte, na Punta do Matillo, na Base Naval de Ferrol (Fig.). Cando sucedeu o Golpe, el estaba de permiso de verán na súa casa familiar en Ribeira, e tan pronto llo comunica o Subdelegado Marítimo, preséntase na base de Ferrol, a comezos de agosto, de 1936. O 4 de decembro pola noite ingresou no cárcere de Ribadeo, ao día seguinte, foino a buscar un comandante de intendencia da Armada, que o trouxo á base de Ferrol, onde quedou detido no buque "Casado". O día 8 foi declarado procesado, pasando a estar baixo a condición de prisión preventiva. A incoación do sumario comeza a raíz da acusación dun superior por "hablar en contra del Movimiento". Foi un xuízo e unha execución, extremadamente rápida e áxil, pois o día 9 de decembro de 1936 foi xulgado e condenado. O xefe da base naval, Luis de Castro, aproba a sentencia e ordena a execución para o día seguinte, ás tres da tarde, na Punta do Martillo. Estando o reo en capilla e ao cargo dun piquete de marinería que asumiu a súa custodia no interior da prisión, chega un escrito da S.A. Jurisdiccional, ordenando quede en suspenso a execución da sentencia, ata que se coñeza a conducta da persoa que o acusou, Rodrigo Vilar López. Tres días despois, o auditor considera que "visto el resultado de las diligencias (...) que motivaron la suspensión de la ejecución del fallo, procede llevar a efecto la misma". O xefe da base naval, ordena cumprir a condena nese mesmo día, 12 de decembro, ás 15 horas, na Punta do Martillo,

> Formaron el cuadro un piquete de marinería del Arsenal y otro de la misma dependencia que era el encargado de custodiar al reo.
> A las tres de la tarde de hoy, hora designada para la ejecución, compareció el reo de uniforme, conducido por el piquete de marinería que estuvo custodiándole.

Puesto el reo en el sitio conveniente y dentro del cuadro y frente al piquete, aquel se reconcilió con el sacerdote, siendo seguidamente pasado por las armas, y reconocido por el Médico de la Armada nombrado al efecto, manifestó que dicho reo había fallecido.

Las fuerzas desfilaron por delante del cadáver, dando vista a este, siendo trasladado al cementerio del Val del ayuntamiento de Narón, en donde recibió sepultura a presencia de este Juzgado[9].

5. **26 e 27 de decembro de 1936**. Consideramos ambas datas de execución, a efectos prácticos como unha sola, debido á escasa diferenza entre ambos, pois os dous grupos de persoas asasinadas fórono cunha diferenza de hora e media, entre as 23 horas e as 00:30 horas. O primeiro deles, o día 26, "a las veintitrés horas dio comienzo en el atrio parroquial de esta feligresía la ejecución de la sentencia de pena de muerte, acordada en consejo de guerra y ratificada por la superioridad, recaída y llevada al efecto contra los marineros tripulantes del Acorazado "España""[10]. Estaba conformado por trinta e dúas persoas, ÓSCAR FERNANDO ROZA RAMOS, JUAN FERNÁNDEZ DÍAZ, JOSÉ VICENTE FERNÁNDEZ SÚARES, GABINO ÁLVAREZ CARREIRA, JUAN COTA ROMERO, JOSÉ DOMÍNGUEZ RODRÍGUEZ, MANUEL LÓPEZ SAAVEDRA, JOSÉ LIÑEIRO TRABA, SALVADOR ANEIROS TEIJEIRO, EUGENIO BEDÍA MÉNDEZ, EVARISTO NOGUEIRA VIEITES, MANUEL MARTÍNEZ INCLÁN, MANUEL CALVO ARRIBAS, ÁNGEL MÉNDEZ GARCÍA, ARMANDO ROMERO CANDAMIO, JESÚS VÁZQUEZ VARELA, EULOGIO PARGA MÉNDEZ, MANUEL FERNÁNDEZ ARIAS (Fig. 7), ANTONIO RIANDE CASTRO, JOAQUÍN CALVO BELLÓN, LEANDRO GREGORIO IGELMO, NICOLÁS SERANTES PÉREZ, FRANCISCO PARDAL COUSO, PABLO BASCOECHEA REBOLLAR, GUILLERMO

[9] ANF, Causa 196/36, folio 31r.
[10] Arquivo Diocesano de Mondoñedo, Libro de enterramentos da parroquia de Santa María A Maior do Val, nº 7 (1925-1946).

DÍAZ VALES, NICOLÁS BENITO ANEIROS, MANUEL GALLEGO FERNÁNDEZ, FRANCISCO BELLAFONT GINART, JUAN MORADO MONTEAGUDO, HIGINIO FAJARDO ANEIROS, REYES ANTONIO YÁÑEZ PÉREZ E JOSÉ LÓPEZ LAGO. Ditas persoas, tripulantes do "Acorazado España" (Fig. 8), conforman máis do 60% do total de individuos que coñecemos que foran enterrados na/s fosa/s do Val, entre 1936 e 1939. Trátase, por tanto, dunha das execucións máis numerosas das que se ten constancia, en Galicia.

Os reos foron conducidos dende a prisión da Escollera (no Arsenal de Ferrol) e,

> formado el cuadro por un piquete de infantería de Marina se llevó a efecto la ejecución y reconocidos por los médicos de la Armada, don José López García y don Alfonso Gil Blanco, nombrados al efecto, manifestaron que dichos reos habían fallecido a consecuencia de heridas producidas por arma de fuego. Seguidamente desfilaron las fuerzas por delante de los cadáveres, dando vista a ellos, siendo después conducidos al cementerio de Santa María del Val, donde recibieron sepultura[11].



Figura 7. O cabo de Mariña, Manuel Fernandez Arias, sinalado cunha cruz, ca. 1936. Fonte: doazón familiar ao fondo Histagra.

[11] ANF, Causa 58/36, folio 576.



Figura 8. O Acorazado España no dique Reina Victoria Eugenia do arsenal de Ferrol, o 15 de maio de 1913. Fonte: Anca (2005: 78).

O cura deixa constancia dun feito peculiar,

> A uno de los citados, cuyo nombre ignoro, tuvo que dispararle el piquete por tres veces infructuosamente, hasta que tuvo que ejecutarle un guardia civil que estaba fuera de la línea de fuego; no se explicaba el médico como después de tantos tiros de gracia todavía daba señales de vida. El jovencito que contaba con la edad de diecinueve o veinte años, asistido de un sacerdote secular hasta su último momento murió abrazado al crucifijo: sus últimas palabras "Viva Cristo Rey" y "Viva España"[12].

[12] Arquivo Diocesano de Mondoñedo, Libro de enterramentos da parroquia de Santa María A Maior do Val, nº 7 (1925-1946).

Este feito é importante á hora da localización da fosa e da identificación dos corpos, pois un dos cranios podería presentar sinais de mais dun tiro de gracia.

Posteriormente, foron executadas dúas persoas a consecuencia da sentencia a pena de morte, ambos parte da dotación do "Contramaestre Casado",

> a las cero horas y treinta minutos, (...) llevando a cabo la ejecución una sección de infantería de Marina al mando del teniente del mismo cuerpo, Don Eduardo Gavira Martín, cumpliéndose con arreglo a las reglas correspondientes del artículo trescientos treinta y seis de la Ley en Enjuiciamiento Militar de Marina. Los médicos de la Armada, Don José López García y Don Alfonso Gil Blanco, reconocieron los cuerpos de los ajusticiados y certificaron que eran cadáveres. En su visto se procedió al levantamiento de sus cuerpos y entrega en el cementerio del Val[13].

JULIO ÁLVAREZ DO VAL incorporouse como voluntario na Mariña, a principios de 1932 e, tras o Golpe do 18 de xullo de 1936, ingresa, oito días mais tarde, no Hospital da base naval de Ferrol. Pouco despois, o 23 de agosto foi trasladado á prisión da Escollera e, posteriormente, foi procesado a consecuencia de tres acusacións particulares que o apuntan como autor das seguintes accións "hizo fuego contra el hidroavión que ese día vino en defensa del glorioso movimiento nacional y a sofocar la sedición existente, probado asimismo que el nombrado transportó de un polvorín cercano municiones para las sediciones en su barco (...)"[14]. DANIEL SUEIRAS BRAGE estaba preso en San Simón, cando o citan e declarar na base naval de Ríos. Posteriormente, declárano procesado e trasládano á prisión de La Escollera, a finais de setembro de 1936. Tras

[13] ANF, Causa 29/36, folio 346.
[14] ANF, Causa 29/36, folios 182, 196, 207 e 209.

as diferentes propostas de condenas efectuadas para os procesados polo consello de guerra, o auditor, o xefe da base naval e o Alto Tribunal de Xustiza de Valladolid, foron executados.

En total, estamos a falar de trinta e catro persoas, "Diecisiete de ellos se obstinaron en rechazar los santos sacramentos y del resto, que los recibieron en Ferrol, renegaron en el acto de la ejecución, muriendo la inmensa mayoría impenitentes"[15]. Non temos constancia de que recibirán enterramento canónico, pero si de que "dos padres mercedarios acompañaron a los ajusticiados hasta el último momento"[16]. Foron enterrados todos nun único acto de enterramento, na madrugada do 27 de decembro de 1936. Ditos indicios lévanos a pensar na alta probabilidade de que se atopen todos os corpos nunha única fosa. Ademais, o alto volume de corpos a inhumar implica a necesidade de certo grao de planificación previa. Non estamos a falar de enterramentos atropelados e improvisados, senón de todo o contrario. Incluso a hora da execución posiblemente fora pensada de cara a realizar os enterramentos durante a escuridade da madrugada, fóra dos ollos da veciñanza.

Diversos testemuños do lugar coinciden en sinalar o lugar concreto no que foi asasinado este grupo de persoas: unha das paredes da Igrexa, orientada cara o norte (Figs. 9 e 10).

[15] Arquivo Diocesano de Mondoñedo, Libro de enterramentos da parroquia de Santa María A Maior do Val, nº 7 (1925-1946).
[16] *Ibidem.*




Figura 9. Plano da Planta da Igrexa de Santa María A Maior do Val, Narón, no que sinala en vermello o lugar da execución. Fonte: Arquivo do Reino de Galicia, sin. PV03446



Figura 10. Detalle da parede norte da Igrexa de Santa María a Maior do Val, Narón. Fonte: fondo Histagra

6. **13 de marzo de 1937.** MANUEL FERNÁNDEZ GÓMEZ, mariñeiro que prestaba os seus servicios, no momento do Golpe, no polígono de Tiro de Marín, foi executado na Punta do Martillo (Arsenal, Ferrol), tras recibir a sentenza a pena de morte. Segundo o libro parroquial, recibiu sepultura canónica, tras "recibir con gran fervor todos los auxilios espirituales" no cemiterio do Val[17]. A mediados de setembro de 1936, foi denunciado ante a Xefatura do Polígono de Tiro de Janer, por tres persoas vinculadas coa Falange de Vigo, por facer "manifestaciones de caracter grave y subversivo y realizó actos que pudieran ofrecer aspectos delictivos"[18]. A mediados de decembro de 1936, fora trasladado das escolas de Marinería á prisión de La Escollera, tras ser decretada prisión preventiva o día 11 anterior. O 4 de febreiro de 1937 reúnese o consello de guerra pero non ditan sentencia de forma unánime, pois un voto particular cualifica a súa actuación de "sedición" e, por tanto, solicita a pena de reclusión perpetua. O auditor e o xefe da base naval aproban a condena da maioría e tras o "enterado" da Secretaría de Guerra do Estado Mayor, o xefe da base determina en lugar, forma, data e hora os detalles da execución[19]. Destaca a minuciosa información que temos sobre a procedemento do asasinato, pois o xuíz instrutor ordena que,

> diríjanse los correspondientes oficios al director del hospital para que facilite la ambulancia; al ayudante mayor para la conducción del reo al lugar designado para ingresar en capilla, al juez municipal interesando la orden de enterramiento y al conserje del cementerio"[20].

Nas dilixencias de execución, destaca que,

[17] Arquivo Diocesano de Mondoñedo, Libro de enterramentos da parroquia de Santa María A Maior do Val, nº 7 (1925-1946).
[18] ANF, Causa 178/36.
[19] *Íbidem*
[20] ANF, Causa 178/36, f. 80.

formaran el cuadro un piquete del cuartel de marinería del arsenal al mando de un oficial de infantería de Marina. A las cinco y media de la tarde compareció el reo en traje de faena, conducido por el piquete de marinería que estuvo custodiándole. Puesto el reo en lugar conveniente y dentro del cuadro y frente al piquete antes mencionado, siendo pasado por las armas y reconocido por el médico de la armada (…)[21].

O mesmo día da execución, o 13 de marzo de 1937, o cura do Val, firma un documento no que afirma recibir o cadáver de Manuel.

7. **27 de xaneiro de 1938.** JESÚS MARTÍNEZ FERNÁNDEZ foi detido no depósito municipal de Ribadeo, o 23 de outubro de 1937, tras ser apresado o pesqueiro no que ía polo bou "Ciriza 4". Foi acusado de lanzar bombas de man contra a flota golpista e de contar cuns antecedentes negativos, segundo o delegado de Orden Público de Pravia, ao ser "un sujeto peligrosísimo en extremo, fue el que sacó de sus domicilios a varias personas del pueblo de Cudillero (…) todas esas personas han sido asesinadas por las hordas marxistas en cuyos asesinatos tomó parte muy activa y directa (…)[22]". Negouse a declarar e incluso sospeitaron que tivese síntomas de "enajenación mental". O 26 de novembro de 1937 foi trasladado á prisión de La Escollera e, apenas quince días despois, ten lugar o xuízo. Foi condenado a pena de morte por ser un "comunista peligroso" e a unha "indemnización de treinta mil pesetas en concepto de responsabilidad civil, a favor de los herederos del cabo víctima de la agresión". O auditor aproba a pena e ordena que "procede sea ejecutada sin dilación". Jesús négase a firmar a sentencia, e sobre os auxilios espirituais, o capellán do Arsenal indica que "el reo se encuentra en estado de idiotez, por lo que no se encuentra

[21] *Íbidem.*
[22] ANF, Causa 1063/37, folios 1, 2 e 10.

en condiciones de recibir el Viático y demás auxilios, salvo la extremaución"[23]. Segundo as dilixencias de execución e enterramento,

> Formado el piquete el cuadro por un piquete de marinería se llevó efecto la ejecución y reconocido el sentenciado por el médico designado, manifestó que dicho reo había fallecido. Seguidamente desfilaron las fuerzas por delante del cadáver, dando vita a el, siendo después conducido al cementerio de Santa María del Val, donde recibió sepultura[24].

Destaca a rapidez das dilixencias, pois foi executado ás 17 horas e enterrado unha hora mas tarde, o que indica certo grao de planificación e organización, en torno ao espazo de inhumación[25]. Ademais, o cura párroco deixou constancia de que o seu enterramento foi canónico e que "con fervor extraordinario recibió los santos sacramentos"[26].



Figura 11. Luís Castro Arizcun dando un discurso nas instalacións do Arsenal de Ferrol, o 16 de xullo de 1938, "Fiesta de la Patrona de la Marina". Fonte: "El Ferrol (La Coruña). Reunión de jerarquías del Ejército…", 1938, Campúa e Cifra Gráfica, Sin. GC-Caja 80/4, Biblioteca Digital Hispánica

[23] ANF, Causa 1063/37, folios 11, 19, 28, 33 e 37.
[24] ANF, Causa 1063/37, folio 38.
[25] ANF, Causa 1063/37, folios 37 e 40.
[26] Arquivo Diocesano de Mondoñedo, Libro parroquial de enterramentos, O Val, nº 7 (1925-1946): 27/1/1938.



Figura 12. Detalle do público que no discurso de Luís Castro Arizcun nas instalacións do Arsenal de Ferrol, o 16 de xullo de 1938, "Fiesta de la Patrona de la Marina". Fonte: "El Ferrol (La Coruña). Reunión de jerarquías del Ejército…", 1938, Campúa e Cifra Gráfica, Sin. GC-Caja 80/4, Biblioteca Digital Hispánica



Figura 13. Público facendo o saúdo fascista no discurso de Luís Castro Arizcun nas instalacións do Arsenal de Ferrol, o 16 de xullo de 1938, "Fiesta de la Patrona de la Marina". Fonte: "El Ferrol (La Coruña). Reunión de jerarquías del Ejército…", 1938, Campúa e Cifra Gráfica, Sin. GC-Caja 80/4, Biblioteca Digital Hispánica

Unha vez recompilada a trazabilidade violenta das persoas enterradas na/s fosa/s do Val, por orde cronolóxica, é preciso deterse nos puntos en común dos asasinatos: todos eles foron perfectamente planificados e estruturados. Para poder levar a cabo tales actos foi necesaria toda unha rede de colaboración con amplas ramificacións, pero supeditada á orde militar. No cumio desta pirámide de poder, as ordes máis inmediatas e específicas sobre as execucións proviñan, en última instancia, do xefe da base militar naval de Ferrol, Luis De Castro Arizcun. Nacera o 27 de marzo de 1874, en Madrid, fora xefe da Secretaría Auxiliar do Ministerio de Mariña, posteriormente, xefe de Estado Mayor de Escuadra, en Ferrol e, no momento do Golpe, atopábase en situación de reserva, dende 1931[27]. Tras a súa reincorporación, a raíz do Golpe do 18 de xullo, a finais de setembro de 1936, substituíra a Indalecio Núñez Quijano na Xefatura da Base Naval de Ferrol, que fora ocupada, antes do 18 de xullo de 1936, polo contraalmirante, Antonio Azarola, executado polos golpistas, o 4 de agosto de 1936[28].

Durante o seu cargo na Xefatura da Base Naval, serviu de enlace entre os auditores que ratifican as sentenzas dos Consellos de Guerra e o Alto Tribunal de Guerra de Valladolid, que as debía aprobar. Incluso, no caso de haber disonancias entre a decisión non unánime do consello de guerra e o auditor, el era o que debía tomar postura e enviar a proposta de sentenza ao Alto Tribunal, como sucedeu no xuízo contra Julio Álvarez Doval e Daniel Sueiras Brage (executados e enterrados no Val, na madrugada do 27 de decembro de 1936). Nun principio, foran sentenciados polo consello de guerra, un deles, a pena de morte e o outro, a pena de reclusión perpetua. Con todo, o auditor intervera para condenar a todos os procesados a pena de morte. Este disenso foi aprobado e apoiado por Luis de Castro, que elevou as conclusións ao Alto Tribunal. Este resolveu dun xeito intermedio, entre a postura do consello, por

[27] *El Correo Gallego*, 4/8/1928: 4; 16/1/1929: 4; 29/19/1931: 4.
[28] *Boletín Oficial de la Junta de Defensa Nacional de España*, Decreto nº 125, do 24 de septiembre de 1936, nº 27.

un lado, e a do auditor e xefe da base naval, por outro, condenando unicamente a pena de morte a dous dos procesados[29]. Ademais, unha vez que se consideraban as sentencias "en firme", el era o que ordenaba e ditaminaba en lugar, forma e execución as sentenzas de pena de morte. Incluso era o primeiro eslavón na cadea de mando das execucións sen xuízo (xustificadas con base no bando militar) que se levaron a cabo no arsenal de Ferrol, como o caso do vapor "Domine".

En definitiva, foi a máxima autoridade en materia xudicial, cumprindo un papel determinante na execución da violencia golpista. Incluso cando tivo o respaldo dos seus superiores, segundo a lexislación militar, para poder desvincularse de tal posto de poder, preferiu seguir en activo. Segundo decreto do 27 de marzo de 1938, por ter a idade regulamentaria, ordénase que "pase a situación de reserva, continuando como Comandante General del Departamento Marítimo de Ferrol, en el que ha prestado tan brillantes servicios y está en condiciones de seguir prestándolos"[30]. Isto significa que a mediados de xullo de 1938, participa nos actos organizados polas festividades da Virxe do Carme e ofrece, como máxima autoridade do Arsenal, un discurso diante dos oficiais de Mariña e outras autoridades militares. Este tipo de eventos formaban parte dunha determinada retórica cunha estética fascista en aras de exaltar a figura de Franco e da construción do relato do "Glorioso Movimiento Nacional" (Fig. 11, 12 e 13). Falecería apenas uns nove meses despois[31].

No derradeiro desenlace desta acción violenta, a colaboración do párroco do Val, Ramón Martínez Vieito, foi importante para levar a cabo as inhumacións dos corpos dos executados e dos "paseados". El era natural de Ortigueira e no ano 1934 recibe a sagrada orde do Diácono, comezando a súa traxectoria como coadxutor de Santa María de Neda. Posteriormente, en menos de un ano fora trasladado como coadxutor do Carmen (Ferrol), ata que, a finais de 1935, foi

[29] ANF, Causa 29/36, folios 122, 331, 336-347.
[30] *Boletín Oficial del Estado*, 3/4/1938, nº 529.
[31] *El Correo Gallego*, 6/4/1938: 1 e 26/1/1939: 4.

nomeado para a parroquia de Santa María do Val (Narón). Foi o cura párroco durante practicamente toda a ditadura, ata os anos sesenta, que foi substituído por Secundino García Carregado[32].

A reconstrución da trazabilidade violenta das vítimas conduce, na última fase, ao papel do cura párroco, como axente director e organizador das inhumacións dentro do cemiterio. É certo que ata este momento, todo o proceso anterior (dende detencións, interrogatorios, secuestros e/ou asasinatos) é dirixido e xestionado polas autoridades militares (para as execucións) e/ou polas forzas de orde (para os "paseos"). Pero nos últimos intres, esta dinámica cambia, a xestión dos corpos sen vida, dentro dos cemiterios, pasa a ser competencia dos curas párrocos. Un bo exemplo é como Ramón Martínez planifica e coordina o enterramento que tivo lugar na madrugada do día 27 de decembro de 1936, de 34 persoas,

> Los accesos al cementerio del Val estaban muy mal y no podían entrar coches. Un día, D. Ramón nos juntó a los vecinos del lugar y nos mandó arreglar las entradas para que pudieran entrar autobuses y camiones. Al día siguiente de hacer el trabajo vinieron los soldados y los milicianos de Falange a fusilar junto a la tapia del cementerio a la marinería del acorazado España. Entonces supimos para qué quería arreglar el camino[33].

Na mesma liña, un veciño do lugar recorda que súa nai, unha das mais devotas da parroquia, foi chamada polo cura, xunto a outras mulleres "de confianza", o día seguinte das execucións (da madrugada do 27 de decembro de 1936). Este

[32] *El Progreso*, 18/11/1955, 21/3/1959, 31/5/1963. *Boletín Eclesiástico del Obispado de Mondoñedo*, 5/12/1934, 20/7/1935, 5/11/1935. *El Ideal Gallego*, 15/4/1934.
[33] Enrique Barrera Beitia, "La represión en Ferrolterra y sus circunstancias", en VVAA., *A represión franquista en Galicia. Actas os traballos presentados ao Congreso da Memoria, Narón, 4-7 de decembro de 2003*, Narón: 2005, páxs. 81-102.

grupo de freguesas, por orde do cura, foi o encargado de limpar da parede exterior da Igrexa do Val os restos orgánicos derivados das execucións[34].

Á marxe da colaboración da Igrexa no periplo final do xestión dos corpos das vítimas, tamén é importante subliñar como na posguerra a ditadura franquista fixo uso destas circunstancias no seu favor. Moitas das familias das vítimas trataron de acollerse aos beneficios recollidos pola Obra Nacional de Protección a los Huérfanos de la Revolución y de la Guerra, creada por decreto de 23 de noviembre de 1940, baixo a autoridade do Ministro de Gobernación e encadrada na Dirección General de Beneficiencia y Obras Sociales[35]. Tales foron os casos dos fillos de Francisco Bellafont Ginart, Reyes Antonio Yáñez Pérez, Gabriel Cruz Mouriz, Luís Rodríguez Novás, Manuel Fernández Arias, Nicolás Serantes Pérez, Guillermo Díaz Vales ou Juan Morado Monteagudo[36].

Trátase dunha medida que nacera co seguinte espírito,

> La Revolución Nacional, abierta el dieciocho de julio de mil novecientos treinta y seis con el designio de franquear a España el camino hacia un porvenir de potencia y justicia, y la guerra, su instrumento heroico e inevitable, ha creado figuras mediante las cuales ha de inclinarse el estado en actitud permanente de recuerdo, afección y gratitud. Son éstas: los Caídos, los Mutilados, los Ex combatientes y cuantos en la forja ardiente de un nuevo orden nacional sufrieron desventuras tan hondas como la orfandad y el desamparo.

[34] Entrevista cunha persoa anónima, realizada por Manuel Fernández Pita, Gustavo Hervella García e Conchi López Sánchez, no Val, o 11 de outubro de 2023.
[35] *Boletín Oficial del Estado*, 1 de decembro de 1940, nº 336.
[36] ARG, Gob. Civil-Beneficiencia/Asistencia Social, "Expediente de nóminas de pensións a favor de orfos da Obra Nacional de Huérfanos de la Revolución y la Guerra, na provincia da Coruña, no mes de novembro de 1946", sin. 33881-3; "Expediente de solicitude das axudas concedidas pola Obra Nacional de Protección a los Huérfanos de la Revolución y la Guerra", sins. 34153 66; 34153 163; 34153 80; 34153 174; 34153 69 e 34153 126.

Nun principio, pode resultar un paradoxo que as familias das vítimas inhumadas na fosa do Val, puideran desfrutar destas pensións, pero o propio decreto indica que,

> En ningún caso será ampliada la investigación para esclarecer el motivo concreto del desamparo ni el desigual grado de gloria o la simple caga de dolor que hacen necesario el remedio. Como desprovista de sentido hereditario, la culpa de cualquier proceder antinacional cesa ante el huérfano precisado de la ayuda común, y no cabe, junto a él, otra medida que la abierta generosidad de asegurar, para le mejor servicio de la Nación, la promesa que su juventud encierra.

A protección ofrecida polos resortes do Estado franquista, consistía na subsistencia, a educación e "en prestar el más vigilante cuidado a su proceso formativo, al objeto de que éste se verifique en condiciones de adhesión a los ideales y principios profesados por el Estado"[37]. Esta medida, por tanto, constitúe, un dos mecanismos empregados pola Ditadura para buscar apoios e facer partícipes da "Causa Nacional" a perfís potencialmente disidentes e contrarios.

[37] Art 2º, do decreto de 23 de noviembre de 1940, baixo a autoridade do Ministro de Gobernación e encadrada na Dirección General de Beneficiencia y Obras Sociales

3. Fichas individuais das vítimas

Nome	Apelidos	Idade	Profesión/ Filiación	E. civil/ familia	Señas físicas	Data morte	RD: inscricion	Natural/ Veciño	Suceso	Nº Causa e referencias	Outros datos
Gabriel	Cruz Mouriz	31	Obreiro da construcción naval	Casado con Encarnación Ferreiro Barreiro con dous fillos, Sagrario e Gabriel/ fillo de Josñe e Saturnina	-	1936-8-19	1943-10-9, por auto da Superioridade	Ferrol/ Ferrol	"Paseo" no Val	-	Os seus restos foron trasladados á tumba familiar de JLL en San Mateo
Luís	Rodríguez Novás	30	Obreiro da construcción naval, mecánico	Casado con Mercedes Sande López, con unha filla, Mercedes/ fillo de Luis e Eugenia	-	1936-8-19	1944-3-23	Ferrol/ Ferrol	"Paseo" no Val	-	Os seus restos foron trasladados á tumba familiar de JLL en San Mateo
José	López Leira	37	Obreiro da construcción naval, Concelleiro de Narón	Casado con Balbina García Rodríguez, con un fillo, J. Luis/ fillo de J. Antonio e Carmen	-	1936-8-19	1942-3-9	-/San Mateo, Narón	"Paseo" no Val	-	Os seus restos foron trasladados ao nicho familiar no cemiterio de San Mateo de Trasancos (Narón).
Joaquín	Bouzamaior Gato	29 anos	Mecánico/ Presidente da Agrupación Socialista de Narón e do Sindicato de Agricultores y Oficios Varios de Trasancos.	casado con María Mesia, natural de Murás, con dous fillos, María e ¿?/ fillo de Ramón e Juana,	-	1936-08-26	1936-12-19	Narón, San Mateo de Trasancos/ idem	Paseo no Val segundo oficio da Comandancia da Garda Civil de Jubia.	-	

Juan	Fabregat Berto	22 anos	Do vapor "Domine"	Solteiro/ fillo de Jaime e Dolores,	-	1936-11-30, 17h.	1936-12-05	Barcelona/ Barcelona	"pasados por las armas sin previa formación de juicio ni más trámites" na Punta do Martillo do Arsenal	-	
José	Miguel Soler	31 anos	Inspector do vapor "Dómine"	-/ fillo de Jaime e Francisca	-	1936-11-30	1936-12-05	Villajollosa, Alicante/ Calle de Pontevedra, n5, 1º, Barcelona	"pasados por las armas sin previa formación de juicio ni más trámites" na Punta do Martillo do Arsenal	-	
Manuel	González Gutiérrez	32 anos	Mariñeiro	casado con Josefa Góngora con dous fillos, Manuel e Josefa/ fillo de José e Eloisa	-	1936-11-30	1936-12-05	Cádiz/ calle Calleres, Barcelona	"pasados por las armas sin previa formación de juicio ni más trámites" na Punta do Martillo do Arsenal	-	
Francisco	Ortega Ballabrica	25 anos	axudante de cocina do vapor "Domine",	Solteiro/ fillo de Francisco e Antonia	-	1936-11-30	1936-12-05	Barcelona/ idem, Calle Arco de Teatro, nº 49, 2º,	"pasados por las armas sin previa formación de juicio ni más trámites" na Punta do Martillo do Arsenal	-	
Antonio	Berenguer Galiart	33 anos	cociñeiro do vapor "Domine",	casado con Margarita Llavallol Baró, cun fillo chamado	-	1936-11-30	1936-12-05	Valencia/ Barcelona	"pasados por las armas sin previa formación de	-	

				Antonio e outro a punto de nacer/ fillo de Antonio e Josefa					juicio ni más trámites" na Punta do Martillo do Arsenal		
Antonio	Castellano Padilla	27 anos (11/9/1909)	impresor del vapor Dómine	Viúvo/ fillo de Pedro e Dolores,	-	1936-11-30	1936-12-05	Andújar, Jaén/ Barcelona	"pasados por las armas sin previa formación de juicio ni más trámites" na Punta do Martillo do Arsenal	-	Entregó 1,75 pts para los pobres e deixou no Domine "un reloj de pulsera dorado, sus ropas, efectos y papeles que están en la imprenta, retratos y una máquina de escribir y desea se envíe todo a su cuñado (…) a excepción de las ropas que cede para los pobres. Desea que el sueldo que tenía que cobrar, se entreguen 25 pts al caldereteto y 5 pts a Ciriano, cocinero, y el resto a su culado"
Francisco	Bermejo Nicolás	26 anos (17/1/1910)	Cabo de artillería da Armada	Solteiro/ fillo de Antonio e Josefa	-	1936-11-30	1936-12-05	Murcia/ sin residencia fixa	"pasados por las armas sin previa formación de juicio ni más trámites" na Punta do Martillo do Arsenal	-	Deixou no Domine "sus ropas y efectos para los pobres"

José	Rial Rivas	19 anos (21/5/1917)	Mariñeiro de 2ª da Armada	Solteiro/ fillo de María Rial Rivas	-	1936-11-30	1936-12-05	Ourense/Idem., C. Progreso, nº 15	"pasados por las armas sin previa formación de juicio ni más trámites" na Punta do Martillo do Arsenal	-	Deixou no Domine "una lanilla en la taquilla de Bermejo y la ropa en la suya. Desea que el chaquetón y la lanilla se envíe a su madre y el resto a los pobres"
Joaquín	Pérez Martín	20 anos (6/8/1916)	Mariñeiro de 2ª da Armada	Solteiro/ fillo de Zósimo e Valentina.	-	1936-11-30	1936-12-05	Nieves del Camino, Oviedo/C. de la Loza, nº 13, Valladolid	"pasados por las armas sin previa formación de juicio ni más trámites" na Punta do Martillo do Arsenal	-	Deixou no Domine "sus ropas y efectos que desea se remitan a sus padres"
Vicente	Navarro Mogollón	21 anos (5/4/1915)	Mariñeiro de 2ª da Armada	Solteiro (a punto de ser pai)/ hijo de Elenterio y Benita	-	1936-11-30	1936-12-05	C. Torre Reina, nº 8, Egea de los Caballeros, Zaragoza/idem	"pasados por las armas sin previa formación de juicio ni más trámites" na Punta do Martillo do Arsenal	Exp. 319/37	Deixou no Domine, "diploma de contable comercial y asignaturas, una cartera con fotos, quince pesetas y sus ropas y otros efectos, deseando se remita todo a sus padres, a excepción de los papeles y una carta escrita para sus padres, que desea se destruyan"
Andrés	Cores Fernández	22 anos	cabo de marineira da Armada	Solteiro/ fillo de Andrés e Josefa	"pelo castaño oscuro, cejas al pelo, frente	1936-12-12	1936-12-14	Ribeira/ Ferrol	Execución na Punta do Martillo,	196-36	

			do bou "Tito"		ancha, ojos grandes, color de ojos, pardo, nariz y boca regular, barba poca, barbilla saliente, color sano, estatura regular, señas particulares ninguna"				Arsenal de Ferrol		
Óscar Fernando	Boza Bancos/Roza Ramos	26 anos	Cabo de artillería	casado con Celestina Riera Solar, con tres fillos, Óscar, María e Victoria Eugenia	"estatura alta, color rubio, bigote recortado, sin otras señas particulares"	1936-12-26	1936-12-31	Gijón/ Ferrol	Execución	58/36 F. 485: detido na Escollera, o 16/10/36. Fs. 507-510: informes favorables sobre a súa conducta por parte do cura de Mugardos, do delegado civil do concello de Mugardos e do Comandante da GC de Mugardos.	
Juan	Fernández Díaz	21 anos	Labrador-Mariñeiro	Solteiro	"Cuerpo delgado, color pálido, estatura regular"	1936-12-26	1936-12-31	Sillobre/ Fene	Execución	58-36	
José Vicente	Fernández Suárez	20 anos	Mariñeiro	Solteiro	Non constan	1936-12-26	1936-12-31	Puerto Ortigueira, Navia/ Ferrol	Execución	58-36	
Gabino	Álvarez Carreira	18 anos	mariñeiro	Solteiro/ fillo de Aurelio e Ventura	"Estatura regular, cara redonda, pelo y cejas negros, ojos castaños, señas particulares: le falta por	1936-12-26	1936-12-31	Navia, Vigo	Execución	58-36	

					completo el brazo izquierdo".						
Juan	Costa Romero	20 anos	Carpinteiro-mariñeiro	Solteiro	"Estatura regular, rostro redondo, ojos castaños, pelo ligeramente castaño"	1936-12-26	1936-12-31	Cee/ Ferrol	Execución	58-36	
José	Domínguez Rodríguez	21 anos	Cerrajero	Solteiro	"estatura regular, rostro redondo, pelo rubio, ojos castaños"	1936-12-26	1936-12-31	Ourense/ Ferrol	Execución	58-36 F. 73: prisioneiro no Plus Ultra o 1/9/36	
Manuel	López Saavedra	23 anos	Mariñeiro		"cuerpo delgado, estutra alta, color moreno"	1936-12-26	1936-12-31	San Pedro de Marmancon, Ferrol/ idem	Execución	58-36, 60-37	
José	Liñeiro Traba	22 anos	Mariñeiro	Solteiro	"estatura alta, de color pálido y ninguna otra seña particular".	1936-12-26	1936-12-31	Castro, Narón/	Execución	58-36 F. 243: detido na Escollera o 23/9/36,	
Salvador	Aneiros Teijeiro	19 anos	Panadeiro-"formaba en la compañía de desembaro, sección de fusiles,	Solteiro	"estatura mediana, cara ovalada, pelo negro, ojos castaños, tiene una cicatriz en la frente"	1936-12-26	1936-12-31	Serantes, Ferrol/	Execución	58-36 F. 113: prisioneiro do "Plus Ultra" o 7/9/36,	
Eugenio	Bedía Méndez	21 anos	Mariñeiro	Solteiro	"estatura regular, rostro ovalado, pelo y ceja negros, ojos idem, sin señas particulares".	1936-12-26	1937-01-01	La Caridad, Oviedo/	Execución	58-36	
Evaristo	Nogueira Vieites	19 anos	Dependente de	Solteiro	"Estatura regular, pelo rubio, rostro	1936-12-26	1936-12-31	Ferrol/ idem	Execución	58-36	

			comercio-mariñeiro		ovalado, ojos castaños"						
Manuel	Martínez Inclán	21 anos	Mariñeiro (axudante de cocina do maiordomo)	Solteiro	"Rostro redondo, pelo rubio, estatura alto, complexión fuerte, ojos azules".	1936-12-26	1936-12-31	San Esteban de Pravia/	Execución	58-36 F. 93: "anteriormente había sido procesado por desórdenes públicos con ocasión de la huelga evolucionaria de octubre de 1934, en la tarde de 20 de julio último se sumó, al parecer a la rebelión producida a bordo del "Acorazado España" y (…) se significó en el expresado grupo llamado de "los asturianos", por iso foi declarado procesado. F. 102: prisioneiro do "Plus Ultra"	
Manuel	Calvo Arribas	19 anos	Relojero	Solteriro	"Cuerpo delgado, estatura regular, color pálido, barba poblada"	1936-12-26	1936-12-31	Santiago	Execución	58-36 F. 44: detido no "Plus Ultra" o 28/8/1936	
Ángel	Méndez García	27 anos	Electricista-da secc de infantería que mandaba Dionisio Mouriño, cuxa columna mandaba o tenente de navío, arlos Núñez de Prado	Solteiro	"rostro ovalado, pelo negro, ojos castaños, señas especiales, no ve del ojo izquierdo en el que tiene una mancha blanca".	1936-12-26	1936-12-31	Ferrol	Execución	58-36 F. 75: prisioneiro no "Plus Ultra" o 1/9/36	

Armando	Romero Candamio	20 anos	Zapateiro-mariñeiro do destroyer "Velasco",	Solteiro	estatura baja, pelo negro, cejas al pelo, ojos pequeños negros, cara ovalada, señas particulares ninguna"	1936-12-26	1936-12-31	A Coruña	Execución	58-36 F. 92r: declarado como procesado o 3/9/36, "desertó de la compañía de desembarco de la que formaba parte, abandonándola frente a rebeldes y sediciosos, pasando a bordo del Acorazado España, en donde entre otros servicios de la rebelión, presentó el de vigilante de calabozos donde se encontraban prisioneros los oficiales de este último buque". F. 94: prisioneiro do "Plus Ultra" o 3/9/36	
Jesús	Vázquez Varela	26 anos	Mariñeiro fogoneiro	Solteiro/fillo de Jesús y Cándida	-	1936-12-26	1936-12-31	Pontedeume /Idem	Execución	58-36, F. 530: informe de conducta favorable do cura párroco de Pontedeume 452-38	
Eulogio	Parga Méndez	24 anos	cabo de marinería	casado	"estatura regular, pelo rubio, ojos castaños, cara ovalada, señales particulares ninguna"	1936-12-26	1936-12-31	Neda	Execución	58-36	Asociación: os seus familiares, tras a execución, trasladárono ao cemiterio de Neda
Manuel	Fernández Arias	29 anos	cabo de marinería	casado	"estatura alta, delgado, pelo negro, rostro ovalado, ojos castaño-verdosos". Pesaba 71 kg. E medía 177 cm. (segundo seu neto)	1936-12-26	1936-12-31	Ferrol	Execución	58-36 F. 71: prisioneiro no Plus Ultra o 1/9/36,	

Antonio	Riande Castro	29 anos	Cabo de marinería	solteiro	"estatura regular, rostro redondo, pelo negro, ojos castaño-verdosos, sin señas particulares".	1936-12-26	1936-12-31	Graña, Ferrol/-	Execución	58-36 F. 67: cabo de marinería, prisioneiro no Plus Ultra,	
Joaquín	Calvo Bellón	25 anos	Cabo de marinería	Solteiro	"Estatura regular, moreno, ojos negros, pelo idem, sin señas particulares"	1936-12-26	1936-12-31	Cedeira/ Ferrol	Execución	58-36	
Leandro	Gregorio Igelmo	30 anos	Cabo de artillería	casado	"estatura regular, rostro ovalado, pelo y ceja rubio, sin señas especiales".	1936-12-26	1936-12-31	Castrejón de la Peña, Palencia/ Ferrol	Execución	58-36 F. 283: detido na Escollera, o 29/9/36	
Nicolás	Serantes Pérez	36 anos	Cabo de artillería	casado	"estatura reguar, boca pequeña, nariz recta, cara ovalada, pelo negro y cejas del mismo color, no tiene otras particularidades dignas de hacer mención"	1936-12-26	1936-12-31	Doniños, Ferrol/	Execución	58-36	
Francisco	Pardal Pouso	22/23 anos (RD)	Cabo de marinería	casado	"Estatura regular cuerpo delgado, color rubio, barba cerrada".	1936-12-26	1936-12-31	Ferrol/	Execución	58-36	
Pablo	Beascoechea Rebollar	27 anos	cabo de marinería, a servizo do acorazado "España".	casado con Nieves Dïaz Rodríguez, con tres fillos, Encarnación, Pablo e Eduardo	"Cuerpo delgado, estatura alta, dientes un tanto separados, color pálido"	1936-12-26	1936-12-31	Ferrol/	Execución	58-36 F. 157: na prisión da Escollera o 12/9/36, "Que estuvo en el "Plus Ultra" y luego lo pusieron en libertad, embarcando nuevamente en el acorazado "España" de	

										donde a los pocos días lo desembarcado ingresando en esta prisión sin saber motivo".	
Guillermo	Díaz Vales	36 anos	Auxiliar 2º naval	casado	"estatura regular, más bien alta; nariz larga, boca pequeña,pelo rubio y cejas negras"	1936-12-26	1936-12-31	Doniños, Ferrol/	Execución	58-36 F. 79: prisioneiro do "Plus Ultra" o 2/9/36. F. 269: detido na Escollera, 25/9/36 F. 475: Calificación del cuerpo de auxiliares navales.	
Nicolás	Benito Aneiros	21 anos	Panadeiro-Mariñeiro	solteiro	"cuerpo fornido, estatura alta, ligero estravismo"	1936-12-26	1937-1-1	Santander/ Ferrol	Execución	58-36	
Manuel	Gallego Fernández	22 anos	empleado	Solteiro?/ RD: casado con Isabel Iglesias. Fillo de Josefa Fernández Núñez	"rostro ovalado, pelo castaño, ojos pardos, señas particulares ninguna".	1936-12-26	1937-01-01	Mugardos	Execución	58-36: F. 77: prisioneiro no "Plus Ultra" o 1/9/36, Fs. 504-506: informes de conducta favorables do xefe local de FE de Mugardos, do cura párroco e do delegado civil do concello 20-36: a súa nai, Josefa Fernández Núñez, viúda, veciña de Mugardos, en 1968 solicita os cetificados oportunos para poder solicitar a pensión "como madre viuda, conforme a los términos de la Ley número ¿? De 11 de junio de 1964 (BO 143)". 60-37	

Francisco	Bellafont Ginart	31 anos	Mestre de marinería	Casado/fillo de Pascual e María	Estatura alta, cabeza y cara cuadrada, cuerpo fornido y ancho, ojos oscuros y frente despejada". Na súa folla sanitaria, recóllese que cando ingresou no servizo militar, en 1922 pesaba 59 kilos e medía 1,67 m, cun perímetro torácico de 0, 87 m. Ademais, "pelo castaño, no tiene barba, ojos castaños, sin color pigmentado"	1936-12-26	1936-12-31	Palma de Mallorca/ Ferrol	Execución	58-36: F. 513: embarcou no bou "Denis" en agosto de 1935 ata que foi chamado polo xuíz instructor e durante a súa estancia "cumplió a satisfacción de sus superiores demostrando gran subordinación, amor al servicio, dotes de mando, tomando partido en varios hechos de armas en las costas de Asturias, distinguiénodse por su valor y entusiasmo y animando constantemente a la gente". 50-36 F. 54: foi chamado polo xuíz xa que o 20 de xullo de 1936,xunto con outro acusado "iban formando en la compañía de personal de las escuelas que mandaba el teniente de navío Don Antonio Díaz Pache (…) cuya compañía iba a prestar sus servicios a la puerta del dique del arsenal,, dichos maestres abandonaron su puesto al frente de los rebeldes y sediciosos, pasándose a los sublevados del Acorazado España". Por tanto, o 10 de setembro foi declarado	

										procesado e decretóuselle prisión preventiva. F. 106r, ao longo da súa traxectoria profesional sempre foi considerado polos seus superiores cunha conducta, actitude, aplicación e celo ao servizo moi boa, sendo constantemente apto para o ascenso. F. 63, o día 11 de setembro presta declaración como detido no Plus Ultra	
Juan	Morado Monteagudo	22 anos	Fogoneiro preferente	Casado con Manuela Casanova, con dous fillos, Juan Manuel e Genaro	"Estatura alta, pelo y cejas rubias, ojos castaños, nariz aplastada".	1936-12-26	1936-12-31	Ferrol/ idem	Execución	58-36 60-37	
Higinio	Fajardo Aneiros	22 anos	cabo de marinería no acorazado "España",	solteiro	"estatura baja-gorda, pelo negro, cara redonda, ojos oscuros, orejas muy pequeñas denotándose principalmente la del lado derecho".	1936-12-26	1936-12-31	Serantes, Ferrol/	Execución	58-36 F. 102: acusado de tomar parte na "rebelión" contra a FP tras ser sinalado polos oficiais Hernández Cañizares e Pedrosa. En prisión preventiva, o 7/9/36. 60-37	
Reyes Antonio	Yáñez Pérez	23 anos	Fogoneiro preferente	Casado con Josefa Paz Carballo e con un fillo, Reyes/fillo de Enrique e Francisca	"Estatura ata, rostro ovalado, tez morena, ojos castaños, pelo negro, cejas idem, tiene una cicatriz en el lado izquierdo del cuello".	1936-12-26	1936-12-31	Ferrol/ idem	Execución	58-36 146-37	

José	López Lago	19 anos	Pescador	Solteiro	"estatura regular, gordo, cabeza redonda, pelo cortado, afeitado, sin otras señas dignas de hacer mención".	1936-12-26	1936-12-31	Ferrol	Execución	58-36 F. 251: detido na Escollera o 23/9/36 2961-39	
Julio	Álvarez Doval	13 de novembro de 1913 (23 anos)	enfermeiro parte do persoal do "Contramaestre Casado".	Solteiro/ fillo de Trinidad	(en 1931) Ao seu ingreso, pesaba 59 kgs e medía 1,620 m cun perímetro torácico de 91 cm, "pelo castaño, barba escasa, ojos castaños, color blanco".	1936-12-27	1937-01-02	Cartagena/ Ferrol	Execución	29-36 F. 182: foi posto no punto de mira das autoridades militares debido a tres acusacións particulares. F. 196: 15/9/36, ordenan prisión. F. 207: no hospital militar do 26 de xullo ao 23 de agosto que pasou á prisión da Escollera e nese tempo o director do Hospital di que "su conducta fue buena" F. 209, libreta de mariñeiro: inscrito o 19 de decembro de 1931, ingresa no mes seguinte como voluntario e en decembro de 1933 "se le concede la continuación en el servicio sin derecho a premios ni primas".	
Daniel	Sueiras Brage	25 anos	mariñeiro de primeira,	Solteiro/ fillo de Vicente e Amparo	-	1936-12-27	1937-01-02	Caranza	Execución	29-36 F. 246: Cítano a declarar na base naval de Ríos, cando el estaba recluído en San Simón. F. 257: o 25/9/36 foi declarado procesado.	

										O 4/11/1936 xa estaba trasladado á prisión	
Manuel	Fernández Gómez	28 anos	marinero que presta servicios en el polígono de tiro de Marín	casado con Josefa González González, con tres hijos, Manuel, Lola y Lucrecia, de 7, 5 y 9 años respectivamente/ fillo de Manuel e Dolores	"frente espaciosa, nariz regular, barba crecida, color moreno, señas particulares: ninguna"	1937-03-13	1937-03-16	San Adrián de Cobres/ idem	Execución na punta do Martillo no arsenal de Ferrol	178-36 F. 54: decrétanlle prisión preventiva o 11/12/36	
Jesús	Martínez Fernández	43 anos	Ferreiro-obrero militarizado en los talleres metelúrgicos de la CNT, que es afiiado en Avilés	-	-	1938-01-27	1938-01-31	Concha de Artedo, Asturias/ Avilés, Calle Pedregal, 35	Execución	1063-36 Ingresa o 23 de outubro de 1937 no depósito municipal de Ribadeo.	

4. Documentación do espazo a intervir: a historia do cemiterio

O antigo cemiterio de Santa María A Maior do Val (Narón) créase ao redor de mediados do século XIX, abarcando un total de 512 m², para atender as necesidades de enterramento da parroquia. Con todo, a mediados de 1927, o cura párroco, José García Novo, deixa constancia por escrito que "el constante aumento de población en esta parroquia ha determinado la necesidad de ampliar convenientemente el cementerio parroquial". Como solución, propón se lle autorice para adquirir por compra o terreo contiguo, que abarca 768 m², solicitar a cooperación veciñal e xestionar os contratos que sexan necesarios para o trámite. Deste xeito, se conforma o espazo denominado actualmente como "cemiterio vello", lugar onde se localiza/n a/s fosa/s que estamos a buscar (Fig. 14), segundo as hipóteses iniciais.




Figura 14. Plano da ampliación do cemiterio vello en 1927.
Fonte: documentación parroquial, Arquivo Histórico Diocesano de Mondoñedo

É importante determinar a cronoloxía das alteracións e cambios que sufriu este espazo (especialmente, tras 1939) e poñelos en relación coas datas de creación da/s fosa/s para ver as posibles interferencias. Sobre a evolución da construción de nichos, na zona de mais recente incorporación ao cemiterio, temos moi pouca información. Na actualidade, algúns nichos recollen a data de creación, por exemplo, nos da parede norte, observamos distintas fechas dentro da década dos anos corenta do s. XX (Figs. 15, 16, 17 e 18).



Figura 15. Detalle dos nichos da parede norte do cemiteiro vello (en vermello a data de creación). Fonte: Fondo Histagra



Figura 16. Detalle dos nichos da parede norte do cemiteiro vello (en vermello a data de creación). Fonte: Fondo Histagra



Figura 17. Detalle dos nichos da parede norte do cemiteiro vello (en vermello a data de creación). Fonte: Fondo Histagra



Figura 18. Detalle dos nichos da parede norte do cemiteiro vello (en vermello a data de creación). Fonte: Fondo Histagra

É moi probable que estes nichos fosen os primeiros en construírse na parte nova do cemiterio. Pero debemos ter en conta que, naqueles tempos, o uso deste tipo de construcións para os enterramentos era excepcional. Esta situación non era a mais frecuente, xa que non todas as familias tiñan recursos para poder costealos. En consecuencia, a maioría dos enterramentos, incluso na segunda metade do século XX, efectuábanse no chan, en tumbas ordinarias individuais. Con todo, cara finais da ditadura, cada vez faríase mais frecuente a construción de nichos, conforme melloraban as condicións económicas, en relación ás cifras da posguerra, ata chegar á conformación actual (Fig. 19). Isto significa que a/s fosa/s posiblemente se vira/n alterada/s, en maior ou menor medida, pola creación de nichos.




Figura 19. Disposición e numeración actual dos nichos do cemiterio antigo de Sta. Mª A Maior do Val. Fonte: plano público

De feito, unha das últimas construcións das que temos constancia é o grupo de nichos elevados sobre o muro de peche, na parede oeste do cemiterio. Precisamente, esta é a mesma zona que propón a hipótese inicial para a localización da/s fosa/s. A creación destes panteóns dataría aproximadamente, segundo a fonte oral, entre os cincuenta e os anos sesenta do século XX. Un testemuño oral vincula, precisamente, a construción destes nichos co desmantelamento da fosa/s e o traslado dos restos para un nicho moi próximo, concretamente, o nº 148, segundo a numeración actual (Figs. 19 e 20).



Figura 20. Detalle da construcción de nichos nº 148, onde se aprecia na parte inferior, a sepultura onde supostamente se atopan os restos da fosa. Fonte: imaxe cedida pola ACMHD.

Naquela época, tras o inicio das obras, interviríase a fosa para retirar os restos e poder edificar os cimentos da construción nese mesmo lugar. Os restos da fosa serían trasladados para dito nicho que, nese momento, era propiedade do cura párroco, Ramón Martínez Vieito. Unha vez cesa no seu cargo, dito nicho, sería comprado polo pai de María del Carmen Piñón, actual propietaria de dito nicho.

5. Recoñecemento e estudo do espazo: proposta de localización da fosa

A hipótese que manexamos dende un primeiro momento, foi a sostida pola Asociación local, que no seu momento recolleron da fonte oral: a fosa estaría debaixo dos nichos do fondo do cemiterio vello. A partir desta idea, tratamos de contrastala con outras fontes, para ver se podíamos achegar argumentos que a confirmasen ou a desbotasen.

Na reconstrución da trazabilidade violenta das vítimas enterradas no cemiterio do Val, puxemos especial atención en calquera referencia sobre o lugar exacto das inhumacións. No caso das mortes a raíz dunha condena a pena de morte, a documentación militar foi moi precisa á hora de recoller as dilixencias de enterramento. Nelas, tal e como vimos anteriormente, recóllense datos como o lugar, a hora, e as circunstancias do enterramento. Pero en ningún caso fan referencia exacta sobre o lugar da fosa, dentro do cemiterio. Na documentación militar, o seguimento das vítimas detíñase cando a competencia da xestión dos seus corpos era cedida ao cura párroco, encargado da súa inhumación.

Nesa liña de traballo, recorremos a outras fontes, como os libros de enterramento parroquiais, para tratar de ampliar a información, pero tampouco tivemos sorte. O cura párroco era o encargado de cubrir ditos libros, e unicamente recollía; por un lado, información sobre as circunstancias das mortes, que lle era facilitada polas autoridades militares; e, por outro, cuestións relativas sobre a recepción dos auxilios espirituais. Constatouse que este tipo de mortes non recibiron un diferente trato ás demais, no sentido de ocultar o lugar exacto do seu enterramento; pois todos os enterramentos eran inscritos seguindo un parámetro similar na recollida de información:

> Un ajusticiado. El doce de diciembre de mil novecientos treinta y seis he dado cristiana sepultura en este cementerio parroquial al cadáver del cabo de marinería, Andrés Cores Fernández, de 22 años de edad, soltero, que ha sido pasado por las armas en Ferrol, previo consejo de guerra. El ajusticiado según

manifestación de la autoridad miliar recibió con gran fervor los auxilios espirituales. Para que conste, lo firmo, Ramón Martínez Vieito[38].


No rexistro civil de defuncións, como adoita ser habitual, segundo a nosa experiencia, tampouco obtivemos datos acerca da localización da fosa. Este tipo de documentación, para este tipo de mortes, adoita reproducir practicamente de forma literal, a información que lle remite o xuíz instrutor militar, ou as autoridades que ordenen os asasinatos. Tras estas pescudas, podemos determinar que a xestión loxística dos enterramentos, dentro dos cemiterios, ao menos para o caso das execucións, foi asumida pola autoridade eclesiástica parroquial, é dicir, o cura párroco. Esta figura foi a encargada de xestionar este tipo de enterramentos e dispoñer dun lugar concreto dentro dos cemiterios para as inhumacións. Grazas á nosa experiencia previa, sabemos que adoitaron escoller zonas onde non era frecuente realizar enterramentos ordinarios, mais ben eran lugares afastados da entrada principal, cara a parte posterior do recinto. Neste sentido, o sinalado pola hipótese inicial, non pode desbotarse.

Tras revisar a documentación da época, tratamos, tamén, de buscar fotografías antigas do cemiterio pero non tivemos éxito. De novo, tratamos de recorrer á fonte oral para entrevistar a testemuños que puideran coñecer de primeira man a localización da fosa. Nesta tarefa foi de gran axuda difundir as nosas investigacións no cemiterio, grazas á colaboración da Asociación Cultural de Memoria Histórica Democrática e á prensa. Como resultado, contactamos con Francisco Aneiros García e Mª Carmen Piñón Gómez que, como sinalamos no punto anterior, manteñen que, ao igual que a hipótese inicial, a fosa estaba debaixo dos nichos do fondo do cemiterio vello.

Francisco presenciou en primeira persoa cando se fixo o traslado dos restos da fosa para o nicho propiedade, hoxe en día, de Mª Carmen:

[38] Aquivo Diocesano de Mondoñedo, parroquia de Santa Mª A Maior do Val, libro de enterramentos, nº 7 (1925-1946).

a fosa vina eu, estaban enterrados así (facendo xestos que indican que estaban en paralelo ao muro (grupo de figuras 21)), estaban ao fondo, debaixo daqueles nichos que hai, a fosa era todo ao largo, solamente había un último aquí (sinalando preto da entrada, á man esquerda), onde están esas coronas de flores, aí había outro que era do castillo (de San Felipe), seica veu un neto, recolleuno e levouno...haberá corenta anos (...). Estar, están alí, alí, no nicho, debaixo de todo, como vivimos aquí cerca, cadroume de vir por aquí, e estaba, túa prima (de Mª Carmen), Casilda mais o enterrador e Casilda non sei que buscaba, creo que buscaba un pariente, súa abuela, e danlle alí abaixo, "a ver se está aí", danlle e foi cando se viron os huesos, "mira onde están enterrados os que buscaron por aí, os que fusilaron aquí" (...). Isto fai pouco, catro anos (...) eran chavales novos, foron enterrados sen caixa, alí hai osos e terra[39].



Figuras 21. Detalle do cemiterio no que se indica a localización da fosa e a disposición dos corpos, segundo o testemuño de Francisco Aneiros. Fonte: Edición de Google Earth

Sobre o nicho no que se supón que actualmente están os restos das persoas executadas, Mª Carmen sinala que seu pai comproulle o nicho ao cura párroco, Ramón Martínez, antes de que ela nacera, en 1950. Nese momento, que ela soubese, o nicho estaría ocupado unicamente polos restos da fosa, aínda que

[39] Entrevista realizada por Conchi López, a Francisco Aneiros e Mª Carmen Piñón, o 22 de xaneiro de 2024, no Val (dispoñible en Terra e Memoria).

sospeitan que o nicho da parte superior poida estar ocupado por algún familiar do cura. Posteriormente, foron enterrados alí os avós de Mª Carmen, pero trasladaron os seus restos fai vinte anos.

No desenvolvemento da investigación, atopamos máis indicios sobre diferentes intervencións parciais da/s fosa/s. En primeiro lugar, temos constancia de que as fosas de Gabriel Cruz Mouriz, Luís Rodríguez Novás e José López Leira ("paseados" a finais de agosto de 1936) foron movidas para un nicho común, no cemiterio de San Mateo de Trasancos (Narón). De forma concreta, o nicho que actualmente alberga os restos dos tres "paseados" é o da parella de José López Leira, Balbina García Rodríguez, falecida en 1983 (Fig. 22). Descoñecemos a data do traslado da fosa, pero en base a esta información, tivo que ser despois da década dos anos oitenta.



Figura 22. Nicho de Balbina García Rodríguez no cemiterio de San Mateo de Trasancos (Narón). Fonte: fondo Histagra

En segundo lugar, o traballo que leva facendo durante anos a nivel local a ACMHD, sinala que os familiares de Eulogio Parga Méndez, un dos executados o 26 de decembro de 1936, levaron o seu corpo para o nicho familiar de Neda, de onde era veciño. O traslado efectuaríase o mesmo día da súa execución pero este feito non puidemos contrastalo con outras fontes. Tanto o rexistro de

enterramentos parroquiais, como o rexistro civil, recollen que foi enterrado no Val. Non atopamos rastro documental do traslado do corpo e tampouco puidemos contactar cos seus familiares.

En terceiro lugar, un familiar de Guillermo Díaz Vales, ponse en contacto coa ACMHD para contar o sucedido co que pensaban que era o seu corpo:

> Hay una cosa que no tenemos clara. Mi abuelo fue asesinado en O Val, fue a una tumba común. A mi abuela le dio un botón de la guerrera el señor que ayudó a enterrarlos, era conocido o vecino. Este hombre terminó alcohólico y un día al marido de mi tía le dijo que sabía dónde estaba su cuerpo. Mi tío, aún siendo militar destinado en las baterías del Pieiro, con un compañero y en una mula se acercaron hasta el cementerio de madrugada y desenterraron un cadáver, que podría ser mi abuelo, lo enterraron al otro día en Doniños. Esto debió de ser en 1947. Mi padre siempre dudó que fuese él. En pleno invierno de madrugada, entre tanto cadáver, siempre le quedó la duda. A mi abuela la consoló saber que lo tenía cerca[40].

Esta información tampouco se puido contrastar por medio de ningunha outra fonte, e a familiar de contacto, non ten constancia acerca da localización concreta da fosa nin doutros datos relevantes para a nosa investigación.

Finalmente, vendo a gran probabilidade de que a fosa se vise alterada en diferentes circunstancias, a investigación tratou de afondar nesta liña. Comezamos por buscar a pegada documental do traslado de cadáveres da fosa e contactar con persoas ou familiares que, hoxe en día, nos puideran dar conta da situación da/s fosa/s. Sabemos que este tipo de procedementos non estaban especialmente regulados durante a ditadura, e o mais normal e que se fixera de xeito informal. Aínda con mais razón, cando se trataba de movemento de vítimas da guerra, que adoitaron efectuarse da forma mais discreta posible, e/ou incluso na clandestinidade.

[40] María José, neta de Guillermo Díaz Vales

Como resultados, localizáronse unha serie de expedientes, pouco numerosos para abarcar gran parte do século XX, que informan do traslado de cadáveres en cemiterios de toda a provincia da Coruña. Con todo, non se observou ningún relacionado coa fosa do Val, nin aparecen rexistrados movementos dos que temos constancia polas propias familias[41]. Ademais, revisáronse as actas de enterramento, tanto civís como parroquiais, nun abanico de tempo mais amplo. Pensamos na posibilidade de que nesta documentación puidera quedar pegada do traslado dos corpos, pero non foi así.

Debemos ter en conta neste repertorio de hipóteses sobre a localización da fosa, os resultados da prospección xeofísica e poñelos en común coa investigación histórica. O xeorradar sinalou cinco zonas compatibles con enterramentos correspondentes con fosas comúns (Fig. 23)



Figura 23. Plano que recolle as anomalías máis destacadas detectadas polo xeorradar, compatibles con enterramentos colectivos. Fonte: Memoria de Intervención, fmada. Por Roger Sala e Pedro Rodríguez

[41] Arquivo do Reino de Galicia, Gob. Civil-Beneficencia/Asistencia Social, "Expedientes informativos sobre traslados de cadáveres", sins. 33626/45- 33681/116.

Os grupos de anomalías 8, 9 e 10 localízanse en áreas próximas ao lugar no que a fonte oral sitúa as fosas dos executados. A primeira delas, é interpretada como "producto de una acción de excavación colmatada" que se extende cara debaixo dos nichos. A nº 9 "podría responder tanto a restos de un enterramiento detectado parcialmente, como a restos de un elemento constructivo". E, por último, o grupo 10 discorre de forma paralela aos nichos e foi interpetrada como "la disposición de un grupo de enterramientos individuales en un espacio reducido (...) o menos probablemente, a un enterramiento colectivo".

Os restantes grupos de anomalías sospeitosos son os números 2 e 3, debido a que "las características de extensión y respuesta diferenciada a estas dos alteraciones, compatibles con una fosa extensa, hace que sean considerados como puntos de interés". Ambas están localizadas, tamén, na zona ampliada do cemiterio vello, a finais dos anos vinte do século XX, pero mais preto á zona que o une coa área primixénia (Fig. 23).

Tras esta investigación, coa información recompilada, a día de hoxe, podemos sinalar varias cuestións, a modo de conclusión:

- A lóxica da violencia golpista da retagarda en Galicia, amosa unha determinada secuencia temporal nos enterramentos. A inhumación adoitaba facerse en campo santo nunha data moi próxima ao falecemento. Isto implica a existencia de mais dunha fosa, en función das datas de asasinato (tal e como podemos apreciar na táboa das páxinas 27-40).
- Na memoria colectiva os asasinatos dos días 26 e 27 de decembro de 1936 foron os que deixaron unha maior pegada (polo seu volume e circunstancias específicas), asociando as fosas de Narón, exclusivamente a este suceso.
- Unicamente un testemuño sinala que todos os corpos dos asasinados pola violencia golpista, foron enterrados nun mesmo espazo, seguindo

temporalmente unha orde correlativa na parte posterior do cemiterio antigo.

- Non podemos descartar a existencia doutras fosas, noutros espazos do cemiterio; incluso algunha de carácter individual, como a de Jesús Martínez Fernández, Manuel Fernández Gómez ou Nadrés Cores Fernández.

Bibliografía

Aguilar Fernández, Paloma e Payne, Leigh A., El resurgir del pasado en España. Fosas de víctimas y confesiones de verdugos, Madrid: Taurus, 2018.

Anca Alamillo, Alejandri, *Los diques de Ferrolterra*, Ferrol: Club de Prensa de Ferrol, 2005.

Asociación Cultural Memoria Histórica Democrática (ed.), *A II República e a guerra civil. Actas do II Congreso da Memoria, Culleredo, decembro de 2005*, Ferrol: Edicións Embora, 2006.

Asociación Cultural Memoria Histórica Democrática (ed.), *A represión fraquista en Gaicia. Actas do Congreso da Memoria, Narón, decembro de 2003*, Ferrol: Edicións Embora, 2005.

Babiano, J; Gómez Bravo, G.; Míguez Macho, A e Tébar, J., *Verdugos impunes. El franquismo y la violación sistemática de los derechos humanos*, Barcelona: Pasado y Presente, 2018.

Barrera Beitia, Enrique, *Ferrol, 1931-1952. De la República a la posguerra*, Ferrol: Edicións Embora, 2005.

Buxeiro Alonso, Xabier, "Paseos, execucións e outros asasinatos. A organización e posta en marcha da maquinaria de exterminio golpista en Galiza", en Lisandro Cañón e César Manuel Román (comp.), *Estado de excepción e terrorismo de Estado*, Córdoba: Lago Editora, 2020: pá111-140.

Cabana Iglesia, Ana, "Franquistas, antifranquistas y todos los demás. La enorme paleta de grises del consentimiento en la Galicia rural", en Julio Prada (dir.), *No sólo represión. La construcción del franquismo en Galicia*, Madrid: Biblioteca Nueva, 2024: páxs. 89-105.

De Juana López, Jesús e Prada Rodríguez, Julio (ed.), *Lo que han hecho en Galicia. Violencia, represión y exilio (1936-1939)*, Barcelona, Crítica, 2006.

Del Arco Blanco, Miguel Ángel e Anderson, Peter, *Lidiando con el pasado. Represión y memoria de la guerra civil y el franquismo,* Granada: Comares, 2014.

Fernández Fernández, Eliseo, "A Delegación de Orden Público e a administración do terror en Ferrol (1936)", en VV.AA., *Os nomes do terror: Galiza, 1936, os verdugos que nunca existiron*, A Coruña: Sermos Galiza, 2017: páxs. 81-98.

Fernández Fernández, Eliseo; Oia, Víctor e Pereira, Dionisio, "Escenarios de loita de clases e represión franquista na Galiza urbana: os casos de Coruña, Ferrol e Vigo", *Murguía: revista galega de historia*, nº 31 (2015), páxs. 13-44.

Fernández Prieto, Lourenzo e Míguez Macho, Antonio (eds.), *Golpistas e verdugos de 1936. Historia dun pasado incómodo.* Vigo: Galaxia, 2018.

Grandío Seoane, Emilio, *Anos de odio: golpe, represión e Guerra Civil na provincia da Coruña (1936-1939),* A Coruña: Deputación Provincial da Coruña, 2007.

López Sánchez, Conchi, *O golpe de Estado, as persecucións e a retagarda na guerra civil española: as actitudes sociais en Galicia (1936-1939*), tese de doutoramento, Universidade de Santiago de Compostela, 2012.

Máiz Vázquez, Bernardo, "A represión na Galiza, 1936-1976: contra a historia ensimismada", en Uxío-Breogán Diéguez (coord..), *A Galiza de Bóveda: actas do congreso, 2003,* Vigo: Universidade de Vigo, 2009: páxs. 241-260.

Míguez Macho, Antonio, "Un pasado negado. Lugares de violencia y lugares de memoria del golpe, la guerra civil y el franquismo", *Confluenze: Rivista di Studi Ibeoroamericano*, vol. 10, nº 2, 2018, páxs. 127-151.

Míguez Macho, Antonio, *Genealogía genocida del franquismo. Violencia, memoria e impunidad*, Madrid: Abada Editores, 2014.

Suárez, Xosé Manuel, *Guerra Civil e represión en Ferrol e comarca*, Ferrol: concello de Ferrol, 2002.

Suárez, Xosé Manuel, *Crónica negra de la Marina Española, Ferrol, 1936-1939,* 2018, dispoñible en:

https://www.academia.edu/44532763/Crónica_negra_de_la_Marina_Española_30_páginas

Fontes

Entrevistas

- Entrevista nº 2065, realizada por Antonio Míguez Macho, o 27/7/2006, en Covas (Ferrol), fondo Histagra, Terra e Memoria
- Entrevista nº 2263, realizada por Ruy Farias, o 4/11/2006, fondo Histagra, Terra e Memoria
- Entrevista nº 2212, realizada por Mónica Rocha Novoa, o 17/1/2007, en Ferrol, fondo Histagra, Terra e Memoria
- Entrevista realizada por Gustavo Hervella García, Manuel Fernández Pita e Conchi López, o 11/10/2023, a Anónimo, no Val (Narón).
- Entrevista realizada por Conchi López, a Francisco Aneiros e Mª Carmen Piñón, o 22 de xaneiro de 2024, no Val (dispoñible en Terra e Memoria, pendente de indexar).
- Entrevista realizada por Conchi López, a Margarita Pérez García, o 22 de xaneiro de 2024, en Narón (dispoñible en Terra e Memoria, pendente de indexar).

Arquivo Naval de Ferrol (ANF)

- Causa 20/36
- Causa 29/36
- Causa 50/36
- Causa 58/36
- Causa 60/37
- Causa 146/37
- Causa 178/36
- Causa 196/36
- Causa 278/37
- Causa 452/38

- Causa 1063/36
- Causa 2961/39
- Expediente 319/37

Arquivo Municipal de Ferrol

- Expedientes de mozos solicitantes da cota de Ferrol do reemprazo 1926:
  - Gabriel Cruz Mouriz (1929), caixa 13891 26
  - Luis Rodríguez Novas (1928), caixa 13891 24
  - José Domínguez Rodríguez, caixa 13875 47
- Cemiterio de Canido
  - Rexistro de enterramento (1936-1970) (Pedro Fernández Montero)
  - Expedientes de traslado de cadáveres (1936-1970)

Arquivo do Reino de Galicia

- Expediente de solicitude das axudas concedidas pola Obra Nacional de Protección a los Huérfanos de la Revolución y la Guerra:
  - realizada por, Encarnación Sagrario Ferreiro, viúva de Gabriel Cruz Mouriz, no Val, Narón, sig. 34153 66 (14/4/1944)
  - realizada por Mercedes Sande López, viúva de Luis Rodríguez Novás, morto no Val, Narón, sig. 34153 163 (14/4/1944)
  - realizada por, Josefa Perla Rivera, viúva de Manuel Fernández Arias, morto no Val, Narón, sig. 34153 80
  - realizada por Rosa Pérez Cerdido, viúva de Nicolás Serantes Pérez, morto no Val, Narón, sig. 34153 174

  - realizada por, Consuelo Núñes Serantes, viúva de Guillermo Díaz Vales, morto no Val, Narón, sig. 34153 69
  - realizada por, María Casanova Canto, viúva de Juan Morado Monteagudo, morto no Val, Narón, sig. 34153 126
- Expedientes de nóminas de pensións a favor de orfos acollidos á Obra Nacional de Huérfanos de la Revolución Nacional y la Guerra, na provincia da Coruña, no mes de novembro de 1946, sin. 33881-3.
- Expedientes informativos sobre traslados de cadáveres, sins. 33626/45- 33681/116, link de acceso a consulta: https://arquivo.galiciana.gal/arpadweb/gl/consulta/registro.do?id=1924160

Arquivo Histórico Diocesano de Mondoñedo

- Parroquia de Santa Mª A Maior do Val, libro de defuncións, nº 7 (1925-1946).
- Documentación parroquial (ampliación cemiterio anos vinte do s. XX)

Galiciana-Hemeroteca

- *El Ideal Gallego*
- *El Correo Gallego*
- *El Progreso*
- *Boletín Eclesiástico del Obispado de Mondoñedo*

Outras

- Arquivo de Galicia, Planeiro PV03446, accesible en: https://arquivo.galiciana.gal/arpadweb/gl/consulta/registro.do?control=ADGD20200365341

- *Boletín Oficial del Estado,* accesible en: https://www.boe.es/diario_gazeta/
- Fotografías de Manuel Fernández Arias, cedidas pola familia
- Fototeca Digital: Plano *Vuelo Americano* (Serie B, 1956-1957), accesible en: https://fototeca.cnig.es/fototeca/
- Biblioteca Digital Hispánica, "El Ferrol (La Coruña). Reunión de jerarquías del Ejército…", 1938, Campúa e Cifra Gráfica, sin. GC, Caixa 80/4, accesible en: http://bdh.bne.es/bnesearch/CompleteSearch.do?showYearItems=&field=todos&advanced=false&exact=on&textH=&completeText=&text=ferrol+1936&pageSize=1&pageSizeAbrv=30&pageNumber=1
- Biblioteca Virtual de Defensa: *Boletín Oficial de la Junta de Defensa Nacional de España,* accesible en: *https://bibliotecavirtual.defensa.gob.es/BVMDefensa/es/consulta/registro.do?control=BMDB20120013414*